

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 21 de xuño de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos do día vinte e un de xuño de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(760).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 31 de maio de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(761).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22.03.04 SOBRE REVISIÓN DO IPC CORRESPONDENTE Ó CONVENIO DE XESTIÓN DO SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES ASINADO COA CRUZ ROJA ESPAÑOLA. EXPTE. 10720/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 2.06.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleirodelegado da Área de Asuntos Sociais e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2004, aprobou a revisión do IPC correspondente ó convenio de xestión do servizo de centro de día para persoas maiores asinado coa Cruz Roja Española, referido o incremento operado no período decembro/2002-decembro/2003*

*Examinadas ás actuacións obrantes no expediente e, en concreto o informe que serviu de base para á aprobación do acordo anteriormente mencionado, detéctase un erro na cantidade que serviu de base para o cálculo do aumento operado por efecto da variación do IPC, motivo polo que procede modificar tanto o punto primeiro como o segundo do acordo de data 22 de decembro de 2004.*

*Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta Local de Goberno á adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.-Autorizar disposición de crédito por importe de 1.975,02 € en execución da cláusula decimo cuarta do convenio de prestación do servizo “Centro de día para persoas maiores”, adxudicado á Cruz Roja Española na Comisión de Goberno do 10 de decembro de 2001, correspondente ó incremento do IPC decembro/2002-decembro/2003, calculado sobre o prezo do contrato no ano 2003 que ascendía a 75.962,12 € e con cargo á partida 313.0.226.08.03 –Convenio centro de día para persoas maiores- do vixente orzamento (orzamento prorrogado 2003).*

*Segundo: Aprobar con cargo á partida 3130.226.08.03, o gasto total de 77.937,19 €, importe do contrato para exercicio 2004, tendo en conta a existencia da autorización AD 200400002198 por importe de 75.692,12 €.*

#### Acordo

*A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.*

### **3(762).- APROBACIÓN DE GASTO CORRESPONDENTE Ó CONTRATO DO SERVICIO DO PROGRAMA DE DEPORTE PARA PERSOAS MAIORES ADXUDICADO A D. PABLO CASAL NÚÑEZ. EXPTE. 10731/031.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 25.05.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:*

*A Comisión de Goberno en sesión ordinaria do 15/10/2001 aprobou a adxudicación do concurso para a prestación do servizo de deporte para maiores.*

*Segundo a cláusula quinta do prego, o contrato terá unha duración de dous anos, a partir do día primeiro do mes seguinte a aquel en que se notifique o acordo de adxudicación, comezando a rexer o contrato, neste caso o 01/11/02.*

*O importe do contrato fixouse en 4.742.000,- ptas (28.499,99 euros) anuais, sen (56.999,99 euros) e o prezo do mesmo será incrementado na variación experimentada polo IPC nacional, procedendo a primeira revisión unha vez transcorrido un ano de execución do contrato.*

*I*

A Comisión de Goberno en sesión de 17 de marzo de 2003, aprobou a primeira revisión de prezos, autorizando un incremento de 1.282,50 euros por efecto da revisión de prezos no período setembro/2001-outubro/2002. O novo prezo do contrato resulta ser, polo tanto, de 29.782,49 euros.

A segunda revisión de prezos sobre o importe do contrato actualizado, e dicir, sobre 29.782,49 euros foi autorizada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2004. O importe do incremento pola variación do IPC no período outubro/2002-outubro/2003, supuxo unha cantidade de 774,35 euros, pasando a ser, polo tanto, o último prezo do contrato o de 30.556,84 euros.

Obtidos os datos das operacións contables efectuadas pola Intervención Xeral para este contrato, resulta a existencia das seguintes autorizacións e disposicións de crédito a favor de D. Pablo Casal Núñez:

200300002336	PRORROGA CONT. 01/11-31/12/036	5.664,36
200400002196	CONTRATO DEPORTE 01/01-31/10-04	22.657,44
200400012480	IPC OUTUBRO/2002-OUTUBRO/2003	<u>774,35</u>
	TOTAL CONTABILIZADO.....	29.096,15

Polo exposto con anterioridade, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar, con cargo á partida 3130.2260801, e a favor D. Pablo Casal Núñez, adxudicatario do contrato para a prestación do servizo de deporte para persoas maiores, o gasto de 1.460,69 €, como diferenza existente entre o importe do contrato no período outubro/2003-outubro/2004, que ascende a 30.556,84 €, e a cantidade autorizada para o mesmo período de contrato que suma un total de 29.096,15 €”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta que se contén no precedente informe.

#### **4(763).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 15/52922/301, 15/2004/04, 15/52704/04.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, donformados polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Rosalina Alonso Diéguez. Expte. 15/52922/301.
- D. Enrique Parada Miguel. Expte. 15/2004.
- D<sup>a</sup> Rosa Fernández Pérez. Expte. 15/52704/04.

#### **5(764).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO CROSS ESCOLAR DIVINO SALVADOR 2004 NO PARQUE FORESTAL SAN MIGUEL DE OIA O DÍA 27.06.04. EXPTE. 4556/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o colexio Divino Salvador, con enderezo na rúa Baixada o Vao número 49, a celebrar o vindeiro día 27 de xuño de 2004, o cross escolar Divino Salvador 2004 que se desenvolverá no recinto do Parque Forestal de San Miguel de Oia, entre ás 10:00 h. e ás 13:30 h.

**6(765).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DOS ENCONTROS FINAIS DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA, NO VAO OS DÍAS DENDE O 1 Ó 11 DE XULLO DE 2004. EXPTE. 4537/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa Evento Global Organizia, en colaboración coa Federación Galega de Voleibol, a organizar dende o día 1 ó 11 de xullo de 2004, os encontros finais do campionato galego de Volei praia que se desenvolvera na praia do Vao, enmarcado dentro dos diferentes eventos que está previsto que se celebren durante o mes de xullo na praia do Vao. Para este evento a organización instalara na praia do Vao unhas gradas portátiles coas que delimitar os terreos de xogo e colocar diferentes pancartas publicitarias de casas comerciais, así como da Concellería de Deportes e do Concello de Vigo. Para o montaxe desas gradas solicitouse permiso de ocupación temporal do espazo marítimo-terrestre a Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra e informe o departamento de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

Para este evento a organización necesita unha toma de auga e outra de corrente.

A empresa Evento Global Organizia, organizadora deste evento comprométese a:

- Desenvolver correctamente o evento.
- Deixar a area da praia en perfecto estado de sanidade e limpeza.
- Ter un seguro de responsabilidade civil.

**7(766).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PARQUE TEMÁTICO DE FÚTBOL VIGO CUP OS DÍAS 24 E 25 DE XULLO DE 2004 NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 4538/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Fundación Vigo en Deporte (VIDE) a organizar os vindeiros días 24 e 25 de xullo de 2004, un parque temático de fútbol, como actividade complementaria a competición do Torneo Internacional de Fútbol Base Vigo Cup, que estaría instalado na praia de Samil na zona máis próxima as instalacións deportivas municipais do IMD, en horario de 9:00 h. a 20:00 h.

**8(767).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO II TORNEO DE FÚTVOLEI OS DÍAS DO 8 Ó 11 DE XULLO DE 2004 NA PRAIA DO VAO. EXPTE. 4539/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa Evento Global Organizia, a organizar dende o día 8 ó 11 de xullo de 2004, o II Trofeo de Fútbol que se desenvolvería na praia do Vao, na zona de gradas portátiles que está previsto que se instalen na praia para desenvolver diferentes eventos deportivos durante o verán de 2004, en horario de mañá e tarde.

**9(768).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DOS “ENCUNTROS DE FÚTBOL PRAIA DO CIRCUÍTO NACIONAL DE FÚTBOL PRAIA” OS DÍAS DO 14 Ó 18 DE XULLO NA PRAIA DO VAO. EXPTE. 4540/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa Evento Global Organizia, a organizar dende o día 14 ó 18 de xullo de 2004, diferentes encontros pertencentes o circuítio nacional de fútbol praia que se desenvolvería na praia do Vao na zona de gradas portátiles que está previsto se monte para desenvolver diferentes eventos deportivos durante o verán de 2004. Para a edición de 2004 deste evento está previsto que o número de equipos participantes sexa de entre 100 e 120, o que elevaría o número de participantes entre os 1000 e 1200. A inscrición para participar neste torneo é gratuíta.

**10(769).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “PARQUE TEMÁTICO CARAVANA DE NESQUIK” O DÍA 16 DE XULLO NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 4541/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa B. Dión a organizar un evento lúdico deportivo no que se combinan a información nutricional con diversos xogos para nenos e nenas o vindeiro día 16 de xullo de 2004 que se desenvolvería na praia de Samil e consiste en información nutricional, degustación de balde de un produto lácteo chocolateado e a instalación de diferentes inchables para xogos de rapaces e rapazas. Este parque temático estaría instalado na zona da praia máis próxima as instalacións deportivas municipais do IMD, entre ás 11:00 h. e ás 20:00 h.

Para o montaxe dos diferentes inchables a organizadora deste evento necesita:

- Xestionar o permiso de ocupación temporal do dominio marítimo terrestre diante da Xefatura de Costas da provincia de Pontevedra.
- Permiso para aparcas os vehículos da organización no aparcamento que está a carón das instalacións deportivas municipais do IMD de Samil.
- Unha toma de corrente.
- Unha toma de auga.
- 

Os organizadores do evento comprométese a:

- Desenvolver correctamente o evento.
- Deixar a area da praia en perfecto estado de limpeza e sanidade.
- Ter un seguro de responsabilidade civil.

**11(770).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “VII TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONMÁN PRAIA” OS DÍAS DO 23 Ó 25 DE XULLO NA PRAIA DO VAO. EXPTE. 4542/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa Evento Global Organizaia, en colaboración coa Federación Galega de Balonmán, a organizar dende o día 23 ó 25 de xullo de 2004, diferentes encontros correspondentes o VII Torneo Cidade de Vigo de Balonmán Praia que se desenvolvería na praia do Vao na zona de gradas portátiles que está previsto que se instalan para desenvolver diferentes actividades deportivas durante o verán de 2004; en esta edición o número de equipos participantes agardase que este entre 50 e 60, e o de participantes entre 500 e 600 persoas, nas modalidades masculino e feminino.

**12(771).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO LUDICO-DEPORTIVO “MOVIPLAYA 2004” OS DÍAS 24 E 25 DE XULLO NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 4543/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar empresa Delfin Group a celebrar o evento lúdico-deportivo Moviplaya 2004 os vindeiros días 24 e 25 de xullo de 2004.

Este evento de carácter popular e recreativo consta de unha serie de zonas para o desenvolvemento de diferentes actividades, que se completa con diferentes inchables de promoción de distintas casas comerciais. O montaxe das diferentes zonas será a partir das 6:00 h. do día 24 de xullo podendo utilizarse polo público dende ás 11:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 19:00 h, e o día 25 de 11:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 19:00 h, procedéndose o desmontaxe a partir das 19:30 h.

Para a organización deste evento a organización necesita:

- Cesión de 3.000 m2 de praia.
- Punto de luz próximo a area da praia con unha potencia de 12.000 W.
- Xestión do permiso da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra.
- Permiso de emprazamento das unidades móbiles a pé de praia.
- Unha toma de auga
- Cesión de 6 contedores de lixo.
- Comunicación a Policía Local e Protección Civil.

A organización do evento comprométese a:

- A desenvolver correctamente o citado evento.
- Ter un seguro de responsabilidade civil.

Deixar a area da praia en perfecto estado de sanidade e limpeza

**13(772).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO II TROFEO CIDADE DE VIGO DE VOLEI PRAIA OS DÍAS DO 31 DE XULLO O 1 DE AGOSTO DE 2004 NA PRAIA DO VAO. EXPTE. 4544/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa Evento Global Organiza, en colaboración coa Federación Galega de Voleibol, a organizar os días 31 de xullo e 1 de agosto de 2004, o II Trofeo Cidade de Vigo de Volei Praia que se desenvolvería na praia do Vao na zona de gradas portátiles que se vai a instalar para desenvolver diferentes actividades deportivas durante o verán de 2004; a previsión de equipos participantes nesta edición é de 60 a 80, cunha participación de entre 120 e 160 deportistas. A categoría deste evento é nacional e aberta a participación de homes e mulleres.

**14(773).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “III AVENTURA NA PRAIA” OS DÍAS DO 2 Ó 11 DE AGOSTO DE 2004 NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 4545/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a a empresa +Sports a organizar a III edición do evento Aventura na Praia, entre os días 2 ó 11 de agosto de 2004.

Este evento se desenvolvería na pista de patinaxe da praia de Samil e consta das seguintes actividades:

- Puenting.
- Tirolina.
- Aerobic.
- Conducción de quads.

Para este evento é necesario montar unha tarima de 6 x 3 metros para os monitores/as de aerobic e unha estrutura de 16/16 metros de altura e 3 x 12 de base. Os organizadores necesitan que se lles facilite unha toma de corrente para os equipos de megafonía e unha toma de auga. O horario previsto de actividades é de mañá e tarde.

**15(774).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUNHA PROBA DO “TORNEO DE WATER-VOLEI” DURANTE OS DÍAS DO 12 Ó 16 DE AGOSTO NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 4555/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa Sistem & Tecnology Enquist a celebrar, o igual que se fixo en anos anteriores, os vindeiros días 12, 13, 14, 15 e 16 de agosto de 2004 unha proba do torneo de Water-Volei,



para este evento de carácter popular e recreativo a organización instala na praia de Samil unha serie de zonas para o desenvolvemento da competición.

Esta instalación se completa con diverso material inchable de promoción de diferentes casas comerciais.

Se desenvolvería na praia de Samil na zona máis próxima as instalacións deportivas do IMD en horario de mañá e de tarde.

Para este evento a organización necesita:

- Un recinto de 70X35 m. desde as 08:00 h. do xoves día 12 de agosto ata a mañá do día 16, incluíndo nese período montaxe, realización e desmontaxe da proba.
- Permiso da demarcación de costas de Pontevedra para ocupación temporal do espazo marítimo-terrestre.
- Reserva dunha zona de aparcamento diante do montaxe para o aparcamento dos vehículos da organización.
- Unha toma de auga.
- Toma de enerxía eléctrica.

Os organizadores do evento comprométense a:

- Desenvolver o citado evento correctamente.
- Ter un seguro de responsabilidade civil e danos.
- Deixar a area da praia en perfecto estado de limpeza e sanidade.

**16(775).- PROPOSTA PARA ENCARGAR A DIRECCIÓN DE OBRA DA REMODELACIÓN DO TERREO DE XOGO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 4536/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do director deportivo do IMD, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, do 7.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Encargar á dirección de obra da remodelación do terreo de xogo do Estadio municipal de Balaídos ó enxeñeiro don José Manuel Calderón. Esta dirección de obra non ten custo ningún para o Concello de Vigo dado que está incluído no contrato de asistencia técnica que ten o dito enxeñeiro con esta administración municipal.

**17(776).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN ANUAL DE GASÓLEO PARA CALEFACCIÓN DOS COLEXIOS PÚBLICOS ADXUDICADO A CEPESA COMERCIAL GALICIA. EXPTE. 5356/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Educación, do 9.06.04, conformado polo xefe de negociado de Patrimonio, o concelleiro delegado da área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a prórroga do contrato de subministro anual de gasóleo para calefacción dos colexios públicos previsto en 300.000 litros, adxudicado a CEPESA Comercial Galicia (CIF A 36154789) pola Comisión de Goberno na súa sesión de 8-7-2002, polo importe máximo de 151.382,18 €. para 300.000 litros e con efectos desde o día 11 de setembro de 2004 ata o 10 de setembro de 2005, dos que 18.000,00 € corresponden ao presuposto de 2004 e 133.382,18 € ao presuposto futuro de 2005.

**18(777).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO “X FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL”. EXPTE. 1046/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 10.06.04, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, pola interventora xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc, que se achega no expediente, para a organización do *X Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo”*.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asina-lo convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 66.000.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, para facer fronte ó estipulado no convenio e que se aboará á Asociación Cultural Interfolc, CIF G-36892271.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241”

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN  
PARA A ORGANIZACIÓN DO X FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL*

Vigo, o XXXXXX de XXXXXXXX de dous mil catro.

REUNIDOS

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. EMILIO SOTELINO DOMARCO, NIF 35.940.889-P, PRESIDENTE e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF G-36892271, e con enderezo en Vigo, rúa Tomás A. Alonso, núm 29, 5º esq. CP 36208; no sucesivo A ENTIDADE.*

#### MANIFESTAN

*1. Que o Concello de Vigo ven levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*2. Que o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc asinaron dende o ano 95, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.*

*Dado o interese do anteriormente exposto, o Concello de Vigo e as mencionadas entidades establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

#### CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a programación, organización e execución do X FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”, que se desenvolverá entre os días 16 e 22 de xullo, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade. O día 18 celebrarase o acto central do festival no Centro Cultural Caixanova.*

*SEGUNDA.- O orzamento xeral da programación, organización e execución deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle que figura no anexo do presente convenio e presentado pola ENTIDADE, ascende a un total de 66.000.-€ que serán aplicados á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.*

*TERCEIRA.- As funcións principais a desenvolver pola ENTIDADE serán fundamentalmente as seguintes:*

- 1. Elaborar o programa do X Festival Folclórico Internacional “Concello de Vigo”, e seleccionar os tres grupos folclóricos participantes nel, previa conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*
- 2. Coordinar a relación cos barrios participantes no festival.*
- 3. Coordinar todo o referente á organización xeral do festival en cada un dos barrios.*
- 4. Calquera outra necesaria para o bó desenvolvemento do festival folclórico.*

*CUARTA.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ó público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.*

*QUINTA.- As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ó Concello de Vigo son as seguintes:*

1. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.
2. Velar para que cada barrio beneficiario do festival cumpra os requisitos recollidos nas bases de participación, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 12 de abril, que figuran no anexo deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ó respecto ó persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.
3. Xestionar directamente todo o referente ós grupos folclóricos participantes no festival.
4. Contratar os elementos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento de todo o festival, así como a súa xestión nos barrios participantes.
5. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que figura no anexo.
6. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente ó correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, con cadeiras, para realiza-las correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.
7. Asumir tódolos gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes ós dereitos de autor, seguros de responsabilidade civil e calquera outros necesarios para o seu bo desenvolvemento.
8. Presentarlle á Concellaría de Festas e Animación Sociocultural a memoria do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos 15 días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos:
  - ⇒ De cada espectáculo folclórico celebrado: datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias.
  - ⇒ Do festival en xeral: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, achegando as facturas ou recibos xustificativos destes, informe xeral de incidencias.
9. Deberán obter tódolos permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.
10. Asumir un seguro de accidentes para os integrantes dos tres grupos folclóricos que participen no festival, e que figuran no anexo deste convenio.

SEXTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo coas citadas entidades son as seguintes:

1. Achegar a cantidade de 66.000.-€ para a realización do X FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”.
2. Xestionar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.
3. Editar o material gráfico correspondente ó festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ó orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.
4. Xestionar a reserva da residencia para o aloxamento dos grupos folclóricos participantes no festival.
5. Xestionar a reserva do Centro Cultural Caixanova para a celebración do acto central.
6. Organizar a recepción oficial ós grupos participantes no festival, que terá lugar o día 19 de xullo.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.

OITAVA.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento de 54.000.-€ efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0100 01 0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, o día 18 de xullo, e pevia conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, ó desenvolvemento do festival ata ese momento.
2. Un segundo e derradeiro pagamento por un importe total de 12.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, nos cinco días hábiles seguintes á finalización do festival, unha vez recibida a conformidade definitiva co desenvolvemento do festival por parte do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.

En caso de que acontecese algún tipo de incidencia no referente ás obrigas das entidades asinantes (atraso na chegada dalgún/s grupo/s, non asistencia destes ó festival, etc), o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo a repercusión da incidencia.

NOVENA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2004. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

DÉCIMA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles incidencias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e bo desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

**19(778).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FESTAS DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA OS DÍAS 28 E 29 DE XUÑO E DAS FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA OS DÍAS DO 25 Ó 28 DE XUÑO. EXPTE. 69700/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 4.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espacio público solicitado co gallo da celebración de diversas festas nos días que se relacionan a continuación:

FESTAS

San Pedro de Sárdoma

San Paio de Navia

DIAS

28 e 29 de xuño

25, 26, 27 e 28 de xuño

nas zonas marcadas e delimitada nos planos que se achegan, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**20(779).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA FESTA NA HONRA DA VIRXE DO CARME OS DÍAS DO 15 Ó 17 DE XULLO EN CORUXO. EXPTE. 69575/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 2.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas Virxe do Carme, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA NA HONRA DA VIRXE DO CARME, os vindeiros 15, 16 e 17 de xullo de 2004, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Autorízase o corte da rúa Breadouro que está comprendido entre o Camiño Fontenla e Baixada ó Bao, exclusivamente os días 15, 16 e 17 de xullo do ano en curso.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa da Virxe do Carme en Coruxo.

Axustaranse ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.
- A ocupación da fúa Fontenla e o corte de tráfico correspondente autorízase exclusivamente para os días da festa e no horario desta, como zona de seguridade peonil, pero en ningún caso se poderán instalar elementos fixos ou atraccións que impidan a libre circulación dos Servicios de emerxencia ou o acceso puntual a residentes.

**21(780).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA FESTA NA HONRA DE SANTA ISABEL OS DÍAS DO 2 Ó 4 DE XULLO EN VALADARES. EXPTE. 69723/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 10.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA ISABEL, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da Festa na honra de Santa Isabel, os vindeiros días 2, 3, e 4 de xullo de 2004, en Valadares, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán así mesmo presentar con anterioridade á celebración da citada festa póliza de responsabilidade civil que cubra a contía de 300.506,05 €.

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa na honra de Santa Isabel.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**22(781).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS-2004. EXPTE. 69724/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15.06.04 e de acordo co informe-psopota do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 15.06.04, conformado polo concelleiro-delegado de dita área e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio dende o día 21 de xuño ó 31 de agosto de 2004, co contido que no mesmo proxecto figura.

2º.- Autorizalo gasto, a disponibilidad do crédito e facer o abono do mesmo nos términos derivables da estipulación 9ª do convenio, por un importe de 103.000 euros, con cargo á partida 223.0.227.06.00 do orzamento municipal prorrogado e a bolsa de vinculación.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

*CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVICIO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NAS PRAIAS 2004*



En Vigo a      xuño de 2004.

#### REUNIDOS:

*Dunha parte:*

*Dª Corina Porro Martinez , alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por acordo plenario de data 13 de decembro de 2003, e en representación deste, segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra:*

*D. José Luis Delgado Sanmiguel, presidente do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 31 de xullo de 2003 do Presidente do Comité Provincial , en representación desta.*

*Os dous, de mutuo acordo*

#### MANIF E STAN

*PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.*

*SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercicio de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.*

*TERCEIRO: Que ó amparo do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuir ó desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.*

*CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nas praias de acordo cos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, co artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e coa Orde de 31 de xullo de 1972 (Presidencia) pola que se dictan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño. (Clasificación da praia, servizo de vixilancia, servizo de auxilio e salvamento).*

*QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, poñendo a disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano; os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella,*

*considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.*

*Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nas praias, de acordo coas seguintes:*

### *ESTIPULACIÓNS*

*PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias de Samil, Illas Cíes, Vao, A Fonte, Canido, Argazada e Teis, durante a época estival do presente ano. (Nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na clausula novena do presente convenio).*

*Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento na mar nin a vixilancia das praias anteriormente citadas.*

*SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan por tanto que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ó Concello e que do resto o único responsable será este último.*

*TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.*

*CUARTA: A Cruz Vermella Española, acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude do presente convenio, realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou auxiliar de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ó que estea adscrito; así como aquelas outras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.*

*QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos abertos para as ambulancias ata eles.*

*SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de praias será responsabilidade do Concello de Vigo .*

*SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.*

*OITAVA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.*

*NOVENA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboaralle á Cruz Vermella Española a cantidade de 103.000 euros ( cento tres mil euros) con cargo a partida nº 223.0.227.06.00 do orzamento prorrogado do ano 2004 e a bolsa de vinculación.*

*En canto ó pagamento da referida cantidade, e para atender a necesidade de comprar o material preciso e o carácter de entidade sen ánimo de lucro que ostenta a Cruz Vermella Española, efectuarase antes do día 15 xullo, o abono de 34.000 euros., antes do día 15 de agosto o abono de 34.000 de euros e o resto, 35.000 euros unha vez finalizado o servicio .*

*Para a caso de que na data de finalización do periodo de vixencia do presente Convenio (31 de agosto de 2004 )dispoñase de credito suficiente para manter o servicio até o 15 de setembro, realizaranse os tramites necesarios para a prorroga do mesmo.*

*O pagamento realizarase trala presentación do cargo por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Area de Seguridade.*

*DÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que estará formada por parte do Concello de Vigo por:*

*O concelleiro-delegado de Seguridade ou persoa en quen delegue.  
O xefe da Area de Seguridade.  
Un representante de Protección Civil do Concello.*

*Por parte da Cruz Vermella:*

*O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.  
O coordinador Xeral da Asemblea Comarcal.  
O responsable do servicio de praias.*

*Ambas partes recoñecen a esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida surdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.*

*UNDÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 21 de xuño de 2004 e estará vixente ata o día 31 de agosto de 2004, salvo lo dispuesto para el caso de prorroga.*

*DUODÉCIMA: Para resolver calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución do presente convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria, ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdicción e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ó seu propio foro se o tivesen.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.*

*A alcaldesa-presidenta do  
Excmo. Concello de Vigo*

*O presidente do Comité Comarcal  
da Cruz Vermella Española*

*Corina Porro Martinez*

*José Luis Delgado Sanmiguel*

## ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO

### Posto na praia de Samil

-LUGAR: posto de primeiros auxilios no paseo da praia de Samil.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 21/06/04 ata o 31/08/04. Meses de xuño( e setembro en caso de prorroga ) atención fins de seman; meses de xullo e agosto , atención diaria.

-HORARIO: de 10:00 horas e ata as 21:00 horas. Contarase cunha ambulancia no mesmo horario de atención do posto.

### Posto na Praia de Rodas nas Illas Cíes

-LUGAR: situado no lado norte da praia de Rodas nas illas Cíes.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 21/06/04 ata o 31/08/04. Meses de xuño( e setembro en caso de prorroga ) atención fins de seman; meses de xullo e agosto , atención diaria.

-HORARIO: desde o primeiro barco Vigo - illas Cíes ata o último barco illas Cíes - Vigo.

### Posto na praia do Bao

-LUGAR: situado na praia do Vao ó carón do acceso á illa de Toralla.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 21/06/04 ata o 31/08/04. Meses de xuño( e setembro en caso de prorroga ) atención fins de seman; meses de xullo e agosto , atención diaria.

-HORARIO: de 10:30 horas e ata as 20:00 horas de lus a venres ; sabados , domingos e festivos de 10,30 a 20,30 horas.

### Posto na praia de Canido

-LUGAR: posto de primeiros auxilios na praia de Canido.

-DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/04 ata o 31/08/04.

-HORARIO: de 10:30 horas até as 20.00 horas de luns a venres, e de 10.30 horas até as 20,30 horas , sabados, domingos e festivos.

### Posto na praia de Teis

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Teis.

-DATAS DE ATENCIÓN E HORARIO: do 01/07/03 ata o 31/08/04. Durante os días laborables será diario con horario de 15:30 a 20:30 horas e os sábados, domingos o festivos o horario será de 10:30 a 20:30 horas.

### Posto na praia da Fonte

-LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia da Fonte.

-DATAS DE ATENCIÓN : do 21/06/04 ata o 31/08/04. Meses de xuño( e setembro para o caso de prorroga ) atención fins de seman; meses de xullo e agosto , atención diaria.

-HORARIO: De luns a venres de 10.30 a 20.00 horas; sabadós , domingos e festivos de 10:30 a 20:30 horas.

### Posto na Praia de Argazada ( Samil 2)

- LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Argazada  
-DATAS DE ATENCIÓN: Del 1 de julio al 31 de agosto de 2004.  
-HORARIO: Atención os fins de semana e festivos de 10:30 horas até as 20:30 horas ,

## ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

### Posto principal na praia de Samil

- MEDIOS HUMANOS: 4 voluntarios (socorristas )  
1 conductor  
1 D U E  
-MEDIOS MATERIAIS: ambulancia, e material sanitario .

### Posto de Argazada ( Samil 2)

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ).  
-MEDIOS MATERIALES: posto e material sanitario.

### Posto nas illas Cíes

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ) Nos meses de xullo e agosto contarase cun médico.  
-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios, material sanitario.

### Posto na praia do Bao

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ).  
-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios, material sanitario .

### Posto na praia de Canido

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ).  
-MEDIOS MATERIALES: posto e material sanitario.

### Posto na praia de Teis

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ).  
-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios, material sanitario.

### Posto na praia da Fonte

- MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas ( voluntarios ).  
-MEDIOS MATERIALES: posto de primeiros auxilios, material sanitario.

**23(782).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONCELLERÍA DA MULLER DO ANO 2004. EXPTE. 1649/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 7.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, o concelleiro de Economía e Facenda e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Aprobar a concesión das seguintes solicitudes de subvención, polos conceptos e contías que se indican, remitíndo con cada notificación un resumo da base oitava, que indica as obrigas das entidades durante todo o proceso, na fase de solicitude, na fase de concesión, na fase de seguemento e na de pagamento da actividade subvencionada e que de seguido se dí:

OITAVA.- Obrigas das entidades solicitantes

1.- DURANTE TODO O PROCESO

- a) Cumprir todas as estipulacións contempladas nas presentes bases.
- b) Responder legalmente da veracidade dos datos e documentos aportados.
- c) Facer fronte ós impostos, taxas, etc. que legalmente sexan esixibles en cada actividade.
- d) Tramitar e dispor dos permisos legalmente esixibles.
- e) Dar conta das incidencias que afecten á actividade subvencionada.
- f) Someterse a inspección técnica municipal.

2.- NA FASE DE SOLICITUDE:

2.1-PRAZO:

Presentar as solicitudes a través de Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de 20 días naturais a contar desde o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local.

As solicitudes presentadas fora do prazo estipulado serán desestimadas automaticamente

2.2.-DOCUMENTOS:

A solicitude deberá aportar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de subvención dirixida á Ilma. Sra. Alcaldesa, segundo modelo normalizado (ANEXO I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados
- b) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (ANEXO II) Complimentar tantas veces como número de proxectos se soliciten.
- c) Programa das actividades a favor das mulleres que desenvolverá a entidade no ano 2004, especificando o seu presuposto.
- d) Memoria explicativa das actividades a favor das mulleres realizadas no último ano .
- e) Fotocopia do DNI ou CIF da persoa física ou xurídica solicitante.
- f) Entidade bancaria: Incluirá o/a titular (que deberá coincidir coa Asociación solicitante) e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.

- g) Certificación que acredite que a entidade solicitante está ó día nas obrigas tributarias con Hacienda e coa Seguridade Social, expedidas cunha antigüedad menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no Concello, sempre e cando non caducara, chegará con facelo constar indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. No caso de no ter que contribuír a Hacienda ou a Seguridade Social substituirase a certificación por unha declaración xurada da persoa que presida a entidade.

### 3.- NA FASE DE CONCESIÓN:

Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días a contar desde o día seguinte da data de notificación, a programación adaptada á contía de subvención percibida, indicando, para cada actividade:

- a) calendario, horario e local de realización.
- b) Data de inauguración e/ou clausura do evento.
- c) Documento/s que se utilizarán como xustificantes da subvención.
- d) Nome das persoas físicas ou xurídicas que impartiran as clases ou obradoiros, conferencias, titorías, entrenamentos, probas, etc.
- e) Sempre que fose posible, deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellería da Muller, se non presentarse para a conformidade de acordo co previsto no apartado 4.d destas mesmas bases. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da impresión do mesmo.

### 4.- NA FASE DE SEGUIMIENTO:

- a) Presentarse, cunha antelación mínima de 10 días, ante a oficina da Muller, o programa definitivo de cada actividade subvencionada.
- b) Presentarse a documentación precisa para o seguimento e avaliación das actividades para as que se solicita subvención e a preceptiva para actualizalos datos de Rexistro Municipal de Asociacións.
- c) Admitirse a presenza na asociación de persoal técnico que envíe o Concello, para facer o seguimento dos programas que resulten subvencionados. A asociación comprométese a facilitar a documentación, entrevistas e informes que para este fin se requiran.
- d) Incluírse en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e a lenda “Concellería da Muller” en toda a documentación e propaganda da actividade subvencionada, incorporando o texto de que a actividade é subvencionada pola Concellería da Muller, e deberá contar co conforme previo da Concellería da Muller.
- e) Utilizarse o galego como medio de expresión e comunicación, con especial atención á publicidade (folletos, carteis, prensa, etc.) que deberá facerse integramente en galego.

### 5.- FASE DE PAGAMENTO:

O pagamento das subvencions efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, trala presentación a través do Rexistro Xeral, antes do 30 de novembro de 2004, da seguinte documentación xustificativa:

- a) Breve memoria de avaliación da actividade ou programa subvencionado asinada polas persoas responsables da actividade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
  - Explicación do desenvolvemento da actividade.
  - Memoria de Prensa: folletos, impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.
  - Relación de ingresos e gastos: detalle dos gastos e das contías ingresadas por todos os conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención, contías das subvencións recibidas de institucións, achegas económicas doutros patrocinadores, ingresos diversos, contías e procedencia.
  - Se a actividade desenvolvida fose un curso ou un servizo facilitarase unha relación co nome e teléfono do alumnado participante.
- b) Facturas orixinais polo importe subvencionado. Neste sentido non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reunan as condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios/as e profesionais.
- c) Copias das liquidacións dos IRPF que legalmente correspondan.

#### RELACIÓN DE ASOCIACIÓNS:

##### ASOCIACIÓNS DE MULLERES:

* Asociación de Mulleres “Concepción Arenal” Para a realización do proxecto: Preparamos para rexeitar as agresións de xénero Solicitan: 3.500 euros	CIF: G-36708139  3.500 euros Concédense: 900 .- euros
* Asociación de Mulleres “Lua” Para a realización do proxecto: Curso de Gimnasia Pasiva- Iogoterapia 4000 euros Solicitan: 4000 euros	CIF: G-36662971  Concédense: 600 .-euros
* Asociación de Mulleres de Cabral “Rosalía de Castro” Para a realización dos proxectos: Promover o mantemento do corpo activo e en forma Curso de aprendizaxe de técnicas de bordado,pintado,etc Curso aprendizaxe de técnicas de pintado en diferentes materiais Coñecemento de outros lugares e costumes Fomento da confraternidade entre as mulleres de cabral Solicitan: 2.500euros	CIF: G-36655992  2.200euros 1.700euros 1.700euros 1.600euros 1.200euros Concédense: 900 .-euros
* Asociación de Mulleres “Abaris”	CIF: G-36866572



Para a realización do proxecto: Curso de cartón fallero Solicitan: 2.600euros	2.600euros Concédense: 300 .-euros
* Asociación Coordinadora Nacional da Marcha Mundial de Mulleres Para a realización dos proxectos: Movilización europea da marcha mundial das mulleres Solicitan: 100.000.-euros .euros	CIF: G-15773013 644.480euros Concédense: 36.000
* Mulheres Nacionalistas Galegas Para a realización dos proxectos: Publicación do libro das II Jornadas de Formaçom do Feminismo Solicitan: 6000euros	CIF: G36767119 6000 euros Concédense: 600 .-euros
* Asociación de Mulleres “ACCEDO” Para a realización do proxecto: Potencialo uso das novas tecnoloxías entre as mulleres adultas Solicitan: 5.600euros	CIF: G-36786945 5.600euros Concédense: 900 .-euros
* Asociación Mulleres Progresistas de Vigo Para a realización do proxecto: Premio Novela Mulleres Progresistas Solicitan: 4.250euros	CIF: G- 36657336 4.250euros Concédense: 1.500.-euros
* Asociación de Mulleres “Dorna” Para a realización do proxecto: Pon a cabeza a funcionar- axilidade mental Taller de musicoterapia e expresión corporal Obradoiro-taller muller e familia Taller muller e saúde.Coidado mulleres perimenopausicas Viaxe-convivencia con asociacións de mulleres galegas Solicitan: 5.212euros	CIF: G-36619468 1.878euros 954euros 1.176euros 430 euros 1.020euros Concédense: 900 .-euros
* Grupo de estudos sobre a Condición da Muller “Alecrín” Para a realización do proxecto: Actividades culturais de cine e lectura Obradoiro de creación literaria	CIF: G-36633154 14.561,250euros 4.002,84euros

Solicitan: 16.220,14euros

Concédense: 600 .-euros

\*Colectivo Violeta

CIF: G-36866234

Para a realización do proxecto:

Historia da revolución silenciada y silenciada

1.300euros

Solicitan: 800euros

Concédense: 300 .-euros

\*Asociación de Mulleres de Bouzas

CIF: G-36805851

Para a realización do proxecto:

Deporte e saúde

2.592.-euros

Solicitan: 2.592 euros

Concédense: 600 .-euros

#### VOCALÍAS DA MULLER FEDERADAS:

\* Vocalía da Muller da AV San Xoán Poulo.

CIF: G36641355

Para a realización dos proxectos:

Ximnasia de Mantemento para a Saúde

2.805euros

Curso de Ioga

3.360euros

Solicitan:4.465

Concédense: 600 .-euros

\* Vocalía da Muller da AVCU de Beade

CIF: G-36632081

Para a realización do proxecto:

Módulo de habilidades sociais, expresión e comunicación

500euros

Iniciación a internet, correo e páxinas web

3.392euros

Módulos de dirección de equipos de traballo

500euros

Módulo de armonización da vida laboral e profesional da muller500euros

Solicitan: 3.258,2euros

Concédense: 1.000.-euros

\* Vocalía da Muller da AV “A Nosa Terra” de Alcabre

CIF: G-36649374

Para a realización do proxecto:

Pastas moldeables con migas

1.800euros

Solicitan: 1.800euros

Concédense: 300 .-euros

\* Vocalía da Muller da AV “Doutor Fleming”

CIF: G-36709004

Para a realización do proxecto:

Curso de iniciación á informática

1.020euros

Solicitan: 1.020euros

Concédense: 900 .-euros

\* Vocalía da Muller da AV “A Paz”

CIF: G36743482

Para a realización do proxecto: Formación cultural e actualidade Solicitan: 2.592euros	2.592euros Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller da AVCD de Lavadores Para a realización do proxecto: Saída cultural a Santiago Solicitan: 1.375,75euros	CIF: G-36633618 1.375,75euros Concédense: 300.-euros
* Vocalía da Muller da AV de San Miguel de Oia Para a realización do proxecto: Actividades para mullere ano 2004 Solicitan: 4.800euros	CIF: G-36648640 29.218euros Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller da AV “Rosalía de Castro” da Salgueira Para a realización do proxecto: Exercicios prácticos para a saúde Solicitan: 1.350euros	CIF: G-36644904 1.350euros Concédense: 600 .-euros
* Vocalía da Muller da AV “ Camiño Vello” Para a realización dos proxectos: Mulleres.es Xanela Solicitan:5.000euros	CIF: G- 36648186 1.000euros 5.500euros Concédense: 1.000.-euros
* Vocalía da Muller da Federación Veciñal Eduardo Chao Para a realización do proxecto: Servicio de xestión individualizada de axudas, subvencións... Formación integral para mulleres veciñais emerxentes Solicitan: 6.900euros	CIF: G-36681708 4.100euros 5.750euros Concédense:1.425,45.-euros
* Vocalía da Muller da UVCD de Candeán Para a realización do proxecto: Formación en inglés Solicitan: 3.486euros	CIF: G-36863348 3.486euros Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller do CRAC de Coruxo Para a realización do proxecto: Ximnasia de mantemento Solicitan: 990 euros	CIF: G-36627495 1.290euros Concédense: 600 .-euros

* Vocalía da Muller da AV “Dr. Casas” de Bouzas Para a realización do proxecto: Taller de Saúde e autocoidados na Muller maior Solicitan: 560euros	CIF: G-36641033  560 euros Concédense: 600 .-euros
* Vocalía da Muller do CCAR de Valladares Para a realización dos proxectos: Actividades de Carácter Formativo( Educativas/ Ocupacionais) Ocúpate, consérvate e divértete Programa de Actividades de Dinamización Sociocultural Solicitan:20.650euros	CIF: G-36617082  11.700euros 31.680euros 13.250euros Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller da AV Cto. da Victoria Para a realización do proxecto: Curso de informatica e internet Coñece a arte galega-arquitectura, artes figurativas Senderismo Solicitan: 3.550 euros	CIF G-36.622.793  1.500 euros 3.100 euros 1.450 euros Concédense: 1.000 .-euros
* Vocalía da Muller da AVCR “San Mamede” de Zamáns Para a realización do proxecto: Curso de automaquillaxe Solicitan: 1.300euros	CIF: G-36691855  1.620euros Concédense: 300.-euros
* Vocalía da Muller da AV “ O Freixo” Para a realización do proxecto: Ofimática e deseño web Solicitan: 1.300euros	CIF: G-36654184  7.140euros Concédense: 900.-euros
* Vocalía da Muller da AV “La Unión” de Matamá Para a realización dos proxectos: Curso de masaxes Solicitan: 720euros	CIF: G-36654036  1.020euros Concédense: 600 .-euros
* Vocalía da Muller da AV “O Carballo”de Sárdoma Para a realización dos proxectos: Ximnasia de Mantemento Solicitan: 2000euros	CIF: G-36648325  2.817,11euros Concédense: 600 .-euros
* Vocalía da Muller da AVCU “Val do Fragoso”	CIF: G-36640860

Para a realización do proxecto: Mes Cultural da Muller (Novembro '04) Solicitan: 2.250euros	2.850euros Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller da AV “Outeiro” Para a realización do proxecto: Formación Cultural e Comunicación Solicitan: 2.520 euros	CIF: G- 36688854 2.520euros Concédense: 900 .- euros
* Vocalía da Muller da AV “San Xurxo” de Saiáns Para a realización do proxecto: Perfeccionamento curso informática para mulleres Solicitan: 2.440 euros	CIF G-36.648.988 3.000 euros Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller da AV de Pontenova- Freixeiro Para a realización do proxecto: Curso de pintura e debuxo para mulleres Solicitan: 2.800euros	CIF: G-36641710 3.350euros Concédense: 300 .-euros
* Vocalía da Muller AVCD de Castrelos Para a realización do proxecto: Día da muller traballadora Curso de cestería Solicitan: 3.702 euros	CIF G-36623593 1.110 euros 2.592 euros Concédense: 300 .- euros
* Vocalía da Muller da AV Casco Vello Para a realización do proxecto: Clases de danza do ventre Solicitan: 1.750 euros	CIF G-36645885 1.750 euros Concédense: 300 .- euros

VOCALÍAS DA MULLER NON FEDERADAS:

* Vocalía da Muller da AAA EPA. ARTES Y OFICIOS. Para a realización do proxecto: Repuxado en coiro-perfeccionamento Solicitan: 2.283euros	CIF: G-36721231 2.283euros Concédense: 300 .-euros
* Vocalía da Muller do CR de Cabral Para a realización dos proxectos: Excursión Cultural as Dunas de Corrubedo	CIF:G-36658680 1.328euros

Curso de cociña e repostería	2.750,36euros
Excursión cultural a Porto	1.542,80 euros
Solicitan: 2.992euros	Concédense: 300 .-euros
* Vocalía da Muller da AV “As Fontes”	CIF: G-36684991
Para a realización dos proxectos:	
Deporte e saúde	2.592euros
Solicitan: 2.592euros	Concédense: 600 .-euros
* Vocalía da Muller da SCDR “Helios”	CIF: G-36633428
Para a realización dos proxectos:	
Ximnasia de Mantemento	2.340euros
Curso de pintura en xeral	2.700euros
Solicitan: 5.040 euros	Concédense: 600 .- euros
* Vocalía da Muller da Asociación Mixta de Viudos/as e Separados/as “Unión y Amistad”	CIF: G-36715670
Para a realización do proxecto:	
Formación e asistencia á muller 12.686euros	
Solicitan: 5.257 euros	Concédense: 800 .-euros
* Vocalía da Muller da AV do Calvario	CIF: G-36648293
Para a realización do proxecto:	
Curso de Informática- Internet	2.470euros
Solicitan: 1.470euros	Concédense: 900 .-euros
* Vocalía da Muller da Asociación Gallega de Amigos del Rocio de Vigo	CIF G-36820637
Para a realización do proxecto:	
Curso de bolillos	1.920 euros
Arte Floral	2.350 euros
Visita cultural a Verin e a Chaves	975 euros
Solicitan: 3.735 euros	Concédense: 300 .- euros
* Vocalía da Muller da Asociación Agarimo	CIF G-36821817
Para a realización do proxecto:	
Revestir e decorar sobre poliéster	1.200 euros
Solicitan: 1.200 euros	Concédense: 300 .-euros
*Vocalía da Muller da Asociación de Sordos de Vigo	CIF G-36622835
Para a realización do proxecto:	

Atención psicolóxica	6.635 euros
Encontro de mulleres sordas	850 euros
Curso de habilidades sociais e como falar en público	600 euros
Conferencia Cultura africana e árabe	2.404 euros
Manualidades: decoración de pratos	5.044 euros
Solicitan: 8.830 euros	Concédense: 900 .-euros

OUTROS:

* CITE	CIF: G- 15374598
Para a realización do proxecto:	
Encontro Sindical en Solidariedade coas Mulleres Inmigrantes	8.510euros
Solicitan: 8.510euros	Concédense: 900 .-euros

* Fundación Érguete Integración	CIF:G-36861078
Para a realización do proxecto:	

Fai bolillos	3.190 euros
Fai calceta e ganchillo	3.190 euros
Manualidades	3.190 euros
Fai yoga	3.200 euros
Fai pachwok	3.190 euros
Informática básica	2.900 euros
Solicitan: 18.860 euros	Concédense: 900 .-euros

*Colectivo Legais	CIF G-36852986
Para a realización do proxecto:	
Legais coas mulleres	6.810 euros
Solicitan: 6.810 euros	Concédense: 600 .- euros

*Plataforma de Madres en Acción	CIF G-36697969
Para a realización do proxecto:	

Do autoconecemento a autoestima para o afrontamento de situacións conflictivas no ámbito familiar	9.720 euros
Solicitan: 9.720 euros	Concédense: 600.- euros

*Asociación Madres en defensa de los jóvenes drogodependientes	CIF G-36.750.651
Para a realización do proxecto:	

Grupo autoapoio para nais de drogodependentes	7.624,86 euros
Piso reinserción socio-laboral para mulleres en situación ou risco de exclusión social	32.003,51 euros
Solicitan: 12.937,84 euros	Concédense: 600.- euros
*Asociación viguesa de alcoholoxía-Asvidal	CIF G-36627453
Para a realización do proxecto:	
Alcohol e violencia de xénero	4.200 euros
Solicitan: 4.200 euros	Concédense: 900.- euros
*Médicos do Mundo-Galicia	CIF G-79408852
Para a realización do proxecto:	
Programa de atención a mulleres que exercen la prostitución en Vigo	32.574,42 euros
	Concédense: 600 .-euros
2º.- Denegar a concesión das seguintes solicitudes de subvencións polos motivos que de seguido se indican:	
* Asociación de Mulleres Monitoras	CIF: G-36777613
Para a realización do proxecto:	
Ampliación da formación de monitoras	
Denegase: por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada na base oitava 2.2 da convocatoria.	
*Asociación de Mulleres Xestas	CIF: G-36810752
Para a realización do proxecto:	
Programacións, festa da flor, actividades, cursos, biblioteca	
Denegase: por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada na base oitava 2.2 da convocatoria.	
* Secretaría da Muller da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo	CIF: G- 15103112
Para a realización dos proxectos:	
Autoestima:a propia valía	
Saúde e menopausia	
Encontro Sindical da Muller	
Denegase: porque dadas as características da proposta se enmarcarán dentro dun convenio global na área municipal de Participación Cidadá no que se reflexará esta actividade específica.	



- \* Secretaría da Muller da CIG CIF: G-36706927  
Para a realización do proxecto:  
Normativa laboral.Ferramenta de igualdade  
    Encontro Sindical da Muller  
Denegase: porque dadas as características da proposta se enmarcarán dentro dun convenio global na área municipal de Participación Cidadá no que se reflexará esta actividade específica.
- \* Departamento da Muller da UGT CIF: G-15383011  
Para a realización dos proxectos:  
Internet eo mundo laboral  
Novas profesións:filóns de emprego  
    Encontro Sindical da Muller  
Denegase: porque dadas as características da proposta se enmarcarán dentro dun convenio global na área municipal de Participación Cidadá no que se reflexará esta actividade específica.
- \* Vocalía da Muller da AVCUC “Emilio Crespo” CIF:G-36648608  
Para a realización do proxecto:  
Novas tecnoloxías:as mulleres de navia en internet  
Aprender a coñecerse no proceso de facerse maior  
Denegase: por non ter xustificada a subvención concedida na anterior convocatoria de subvencións da Concellería da Muller (ano 2003).
- \* Vocalía da Muller da AV de Teis CIF: G-36646545  
Para a realización dos proxectos:  
Curso de manualidades  
Denegase: por non ter xustificada a subvención concedida na anterior convocatoria de subvencións da Concellería da Muller ( ano 2003).
- \* Vocalía da Muller da AV “Conde de Torrecedeira” CIF: G-36854834  
Para a realización do proxecto:  
Iniciación e perfección a informática  
Denegase: por non ter xustificada a subvención concedida na anterior convocatoria de subvencións da Concellería da Muller (ano 2003).
- \* Vocalía da Muller da SCRD de Pardavila CIF: G-36648996  
Para a realización do proxecto:  
Deporte e saúde  
Denegase: por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada na base oitava 2.2. da convocatoria.

\*Asociación cidadá para a prevención da violencia

CIF G-36844694

Denegase: por non presentar no prazo requerido a documentación estipulada na base oitava 2.2 da convocatoria.

\*Asociación de ayuda a la vida

CIF G-36802536

Para a realización do proxecto:

Ilusionate

Denegase: por incumplir as “bases da convocatoria específica de subvencións da Concellería da Muller do ano 2004” base sexta 3.1 “dupliquen as actividades organizadas pola propia Concellería” e 3.2. “Dupliquen os servicios ou actividades doutras administracións públicas ou incluso privadas canda estas teñan o total ou parte da actividade ou servicio subvencionada por calquera administración pública”.

\* Asociación de Mujeres Rurales Afammer

CIF G-36919314

Para a realización do proxecto:

Ximnasia pasiva e iogoterapia

Denegase: por incumplir a base sétima a) da convocatoria: “levar constituída e con actividade pública demostrable durante un ano, como mínimo”.

\* Grupo Xuntanza

Para a realización do proxecto:

Cátalo da exposición

Denegase: por incumplir a base sétima d) da convocatoria “Estar inscrita no Rexistro Municipal da Asociacións e ter ó día a documentación”.

\* Secuencia cero

CIF G-36932598

Para a realización do proxecto:

Débeda no rueiro

Denegase: por incumplir a base sétima d) da convocatoria “Estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e ter ó día a documentación”.

**24(783).- AUTORIZACIÓN DO PRESTAMO DE OBRA DO PINTOR URBANO LUGRÍS PARA EXPOSICIÓN DO MUSEO MASSÓ DE BUEU. EXPTE. 1105/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 9.06.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ó préstamo temporal da obra “Fiesta”, asignada ó museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, co número de inventario 449, ao Museo Massó de Bueu para a exposición “Lugrís, Señor dos pazos do mar” a celebrar entre o 15 de xullo e 30 de setembro no citado museo; e conforme coas condicións habituais do préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ó padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

**25(784).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ACTUALIZACIÓN DO PADRON DO LIXO INDUSTRIAL ADXUDICADO Á EMPRESA LIMBER MULTISERVICIOS S.L. EXPTE. 147/500/04.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 31.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, polo concelleiro de Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 30-07-2001, se adxudicou o concurso para a execución da asistencia técnica para a actualización do padrón de lixo industrial a empresa Limber Multiservicios, S.L.*

*Na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contado dende o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación. A notificación foi practicada no mes de setembro de 2001, polo que o contrato comenzou o 01-10-2001. En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*A Comisión de Goberno celebrada o día 09-06-2003 acordou prorroga-lo contrato por periodo de un ano.*

*A xefa de Ingresos ven de solicita-la prorroga do contrato polo periodo de un ano máis.*

*A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-10-2004 ó 30-09-2005 do contrato para a execución da asistencia técnica para a actualización do padrón de lixo industrial adxudicado a empresa Limber Multiservicios, S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 30-07-2001*

*O importe da prorroga do contrato ascende a cantidade de 64.020 euros dos que 16.005 euros se imputarán a partida 611.0.227.06.00 do vixente presuposto e 48.015 euros a mesma partida do presuposto do ano 2005.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(785).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GASOLEO E GASOLINA PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2422/445.**

**Antecedentes**

A Xunta de Goberno en sesión de 15.03.04, aprobou o expediente de contratación da subministración de gasoleo e gasolina para o Concello de Vigo.

Con data 4.05.04 o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOCE nº S63, BOE nº 90, DOG nº 86 e no BOP nº 69 de datas 30 de marzo, 14 de abril, 5 de maio e 13 de abril do presente ano respectivamente, presentouse no Rexistro Xeral soamente a seguinte proposta: 1.- Cepsa Comercial Galicia S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.05.04 procedeu á apertura da documentación presentada, aceptado a oferta e pasándoa á informe do Servizo do Parque Móbil, que foi emitido con data 1.06.04.

A Mesa de Contratación en sesión do 7.06.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Cepsa Comercial Galicia, S.A.” a subministración de gasoleo A, gasoleo C e gasolina super cuns descontos no prezo por litro de 0,0464 euros para o gasoleo A, 0,0232 euros para o gasoleo C e 0,0348 euros para a gasolina super, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 15-03-2004 e a oferta presentada.

O gasto estimado para cada anualidade de duración do contrato fíxase de acordo co disposto na cláusula III do prego de cláusulas administrativas.

#### **27(786).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DO SERVICIO DE PRÁCTICA DE NOTIFICACIÓNS DE ALTA OU VARIACIÓNS FISCAIS OU LIQUIDACIÓNS DE INGRESO DIRECTO ADXUDICADO Á SANTIAGO CUCART S.L. EXPTE. 146/500/04.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 31.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro de Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 23-07-2001, se adxudicou o concurso para a execución do servizo de práctica de notificacións de alta ou variacións fiscais ou liquidacións de ingreso directo a empresa Santiago Cucart, S.L.*

*Na cláusula 5 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contado dende o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se notifique o acordo de adxudicación. A notificación foi practicada no mes de agosto de 2001, polo que o contrato comenzou o 01-09-2001. En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.*

*O contrato foi modificado por acordo da Comisión de Goberno de 19-05-2003, no sentido de aumentar o importe anual do contrato en 50.000 euros e ademáis foi prorrogado por acordo do citado órgano de 09-06-2003 .*

*A xefa de Ingresos ven de solicita-la prorroga do contrato polo periodo de un ano.*

*A vista das anteriores consideracións proponse á Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 01-09-2004 ó 31-08-2005 do contrato para a execución do servizo de práctica de notificacións de alta ou variacións fiscais ou liquidacións de ingreso directo adxudicado a empresa Santiago Cucart, S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 23-07-2001.*

*O importe da prorroga do contrato ascende a cantidade de 127.176 euro dos que 42.395 euros se imputarán a partida 611.0.227.06.00 do vixente presuposto e 84.781 euros a mesma partida do presuposto do ano 2005.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(787).- AMPLIACIÓN DO CONTRADO DA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS DO CONCELLO DE VIGO SUBSCRITO COA EMPRESA ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES S.A. EXPTE. 436/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 2.06.04, conformado pola concelleira de área de Promoción Económica e Desenvolvemento Económico e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno de 01-09-2003 adxudicou a Atlas Servicios Empresariales, S.A. o concurso para a prestación do servizo de atención ó público nos centros cívicos do concello de Vigo por un importe anual de 54.455 euros.*

*O xefe do servizo de Atención Cidadá en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do horario de apertura do CAM de Coruxo en horario de tarde (tal e como xa se fai nos CAM de Teis e Casco Vello).*

*O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.*

*De acordo co informado polo xefe do servizo de Atención Cidadá o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse partida 4631.227.06.04., en canto o gasto a imputar fíxase na cantidade de 875,05 euros mensuais, polo que o gasto a imputar dende o 01-07-2004 ate o día 30-09-2004 será de 2.625,14*

*Por iso, proponse a adopción do seguinte acordo:*

*Modificar o contrato da prestación do servizo de atención ó público nos centros cívicos do concello de Vigo subscrito coa empresa “Atlas Servicios Empresariales, S.A.” no sentido de aumentar a prestación do servizo en horario de luns a venres de 17:30 a 21:30 no CAM de Coruxo para o que a empresa procederá a contratación dun animador/a sociocultural que se enargará da apertura e peche do centro, atención ó público e programación de eventos socioculturais en colaboración coas entidades cívicas da Parroquia e dos outros centros.*

*O prezo modificado do contrato fíxase na cantidade de 64.955,60 euros, pero o gasto ata o 30-09-2004 é de 2.625,14 euros que se imputarán a partida 4631.227.06.04.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **29(788).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL. EXPTE. 307/2002.**

#### Antecedentes

Con data 19-04-04 a Xunta de Goberno aprobou o expediente de contratación dos Servizos de Xestión e dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) do Concello de Vigo.

O 24.05.04 o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 87 e no BOP nº 86 de datas 6 de maio do presente ano, presentáronse no Rexistro Xeral as seguintes proposicións: 1) Proserco S.L e 2) Van Divulgación Cultural S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 24.05.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as ofertas e pasándoas a informe do Servizo de Patrimonio Histórico, que foi emitido polo xefe de dito servizo con data 27.05.04 no que fai constar que “proponse a adxudicación do servizo á empresa Van Divulgación Cultural S.L.”

Con data 31.05.04 a Mesa de Contratación formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a “Van Divulgación Cultural, S.L.” o concurso para a contratación da asistencia técnica para a da xestión e dinamización do Centro de Artesanía Tradicional por un prezo de 44.146 euros, todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 19-04-2004 e a oferta presentada.

A imputación do gasto a cada unha das anualidades do contrato farase de acordo co establecido na cláusula 2 de prego de clausulas administrativas.

**30(789).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:**

a) D. GABRIEL MARTÍNEZ GIRÁLDEZ. DESESTIMADA. EXPTE. 1697/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio e Contratación, do 5.04.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Gabril Martínez Giráldez por danos ocasionados como consecuencia da perda do teléfono móbil ó levantar a tapa dunha fosa séptica mentres realizaba tarefas de inspección no Polígono de Miraflores (Sárdoma); visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 19.05.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de D. Gabriel Martínez Giráldez, por non existir claro nexos de causalidade entre a perda do teléfono móbil co funcionamento do servizo público.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) D. JUAN CARLOS LAGO NUNES. ESTIMADA. EXPTE. 16402/240.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 25.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 13.05.04, e de acordo co informe-proposta de data 27.05.04 do xefe da Unidade de Patrimonio, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de Don JUAN CARLOS LAGO NUNEZ, polos danos sufridos no vehículo matrícula B-5344-NK da súa propiedade, indemnizándolle na cantidade de 81,94 euros.

2º.- Así mesmo, comunicar o acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

**31(790).- PRÓRROGA DA CESIÓN DOS ESPACIOS NO VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS DO CENTRO DE SERVICIOS SOCIOCOMUNITARIOS DO CASCO VELLO. EXPTE. 2155/320.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 31.05.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*Por acordo da Comisión de Goberno de 03.03.03 aprobouse o outorgamento da autorización do uso e goce de espazos de uso privativo no Viveiro de Asociacións do Centro Cívico Casco Vello. Neste acordo aprobouse a concesión dos espazos “A”, “B” e “E” as entidades Plan Comunitario Casco Vello, Asociación Galega de Lupus (A.G.A.L.) e Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (A.F.A.G.A.), respectivamente.*

*Conforme o estipulado na cláusula 6º das bases que rexen para a concesión en uso destes espazos, esta cesión renóvase por ano natural sendo renovable polo prazo máximo de tres anos.*

*A tal fin, por escrito as entidades Plan Comunitario Casco Vello, Asociación Galega de Lupus (A.G.A.L.) e Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (A.F.A.G.A.) entregan a través dos documentos 40043438, 40045100 e 40044756 a correspondente solicitude de prórroga, achegando diversa información relativa á memoria e balance do pasado ano, así como programa e presuposto de gastos e ingresos do presente ano.*

*Asemade ámbalas tres entidades presentan certificados de atoparse o corrente de débedas có Concello de Vigo, Axencia Estatal Administración Tributaria e Tesourería Territorial da Seguridade Social.; así como se atopan ó corrente da actualización de datos do rexistro municipal de asociacións.*

*Por diversos abatares derivados da ocupación ilegal de diferentes espazos polo Plan Comunitario Casco Vello no foi posible iniciar o prazo de cesión dende a data do acordo, o cal provocou un retraso na ocupación dos espazos. Unha vez resoltos estes problemas procedeuse con data 21.05.03 á entrega formal das chaves dos devanditos espazos, sendo esta última data a que se corresponde co inicio de vixencia.*

*Por todo isto, e de conformidade co establecido nas bases que rexen este concurso, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:*

*“Conceder ás asociacións Plan Comunitario Casco Vello, CIF G-36790954, Asociación Galega de Lupus (A.G.A.L.), CIF G-15614064 e Asociación de Enfermos de Alzheimer (A.F.A.G.A.), CIF G-36776920, a prórroga por un ano e con efectos dende o día 21.05.04, da cesión en uso dos respectivos espazos “A”, “B” e “E” no Viveiro de Asociacións do Centro de Servizos Sociocomunitarios Casco Vello”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(791).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS INTERINOS CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE SUBALTERNO. EXPTE.15110/220.**



Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 9.06.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*No cadro de persoal e relación de postos de traballo vixente, aprobado definitivamente polo pleno da Corporación Municipal na sesión de data 14 de Xaneiro de 2003 (BOP de Pontevedra de 6 de xuño de 2003), actualmente prorrogado, figuran vacantes, entre outras, dúas prazas de subalternos, con posto da mesma denominación no Servicio de Bibliotecas e no Servicio de Drogodependencias (CEDRO), prazas que é necesario cubrir para garantir o normal funcionamento do Servicios, tal e como se reflexa nos escritos de datas 24 e 31 de maio pasado.*

*Recentemente tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios de carreira de catro prazas de subalternos, incluídas na oferta de emprego público correspondente o ano 2002, figurando na acta do tribunal de data 18 de decembro de 2003 como quinta aspirante que obtivo a puntuación máis alta D<sup>a</sup>. Mónica Muradás Garrido e como sexta D<sup>a</sup>. Rosa Marta Crespo Vidal, aspirantes que superaron as probas selectivas de que constou a oposición, resolvéndose a seu nomeamento interino por resolución da Alcaldía-presidencia de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo de de febreiro anterior. Así mesmo, na referida acta figuran como septimo e octavo posto, os aspirantes D. César Aguiar Castro e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Angeles González Peinado, como seguintes na orde de puntuación, pasando a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratados como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, en concordancia coa Disposición Adicional primeira do RD 896/91, de 7 de xuño, a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego público.*

*Requeridas os dous aspirantes da lista de substitucións ó que se refire o anterior parágrafo, estes aceptaron expresamente, mediante escrito de 7 de xuño ppdo., optar á referida contratación interina ata que se resolva a súa cobertura definitiva a traves das probas selectivas correspondentes a primeira oferta de emprego público que convoque éste Concello.*

*De conformidade co disposto no artigo 5 na lei de funcionarios civís do Estado, de 7 de febreiro de 1964, en concordancia co disposto no artigo 7 da lei 4/88, de 26 de maio da función pública de Galicia, son funcionarios interinos aqueles quen por razón de necesidade ou urxencia, ocupen prazas de plantilla en tanto non se provean por funcionarios de carreira.*

*Consonte ó disposto no artigo 104.1 da lei de funcionarios civís do estado para nomear funcionarios interinos será preciso que a prestación do servicio non sexa preciso que a prestación de servicio non sexa posible realizar, coa urxencia esixida polas circunstancias, por funcionarios de carreira, debendo xustificarse tales extremos perante a Comisión, superior de persoal.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante.*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ó servicio da administración xeral do estado, en concordancia co disposto no artigo 19*

*do decreto autonómico 95/91 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autónoma de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 5 de maio de 2003, referentes á oferta de emprego público do ano 2002, “os candidatos que non habendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93 do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Admón. Pública da Xunta de Galicia, a cal terá validez ata a resolución da próxima oferta de emprego publico, pendente de convocar.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en rexime de interinidade, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de auxiliar de administración xeral.*

*Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h, da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, o Xefe de Unidade de Persoal que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe favorable do técnico de Intervención Xeral, de 16.06.04, conformado pola interventora xeral.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de acordo co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura de dous funcionarios interinos, con cargo a prazas vacantes de Subalerno, Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna, Grupo E de titulación.

Segundo.- Nomear interinamente con cargo a prazas vacantes de subalternos, ós seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de subalternos, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración pública da Xunta de Galicia, en concordancia co disposto no art. 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

- D<sup>a</sup>. César Aguiar Castro, NIF 36.130.119-V
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Angeles González Peinado, NIF 36.091.980-N

Terceiro.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as prazas ás que se adscriban os/as interesados/as previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

**33(792).- PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA AUXILIAR DE LABORATORIO POR UN PERÍODO DE 2 MESES E 5 DÍAS PARA CEDRO. EXPTE. 15093/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 31.05.04, que di o seguinte:

*Con data 25 de maio de 2004, o Director da Unidade Asistencial de Drogodependentes CEDRO, coa conformidade do xefe da área e do concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, solicita a substitución das dúas auxiliares de laboratorio do dito Servizo, durante os meses de xullo e agosto do presente ano, período vacacional regulamentario de ámbalas dúas funcionarias, tal e como se ven realizando en anos precedentes.*

*Dita contratación xustifícase polo propio carácter social da prestación do servizo e a presión asistencial ó que está sometido o mesmo, posto que a toma dos opiáceos substitutivos son necesariamente diarias e presenciais e afectan aproximadamente a uns 1.200 pacientes diarios.*

*Fundamentos legais:*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuaráse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo, poderáse tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballo de carácter temporal e conxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración Local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*

*O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública) e que deben formar parte da oferta de emprego pública.*

*En calquera caso, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respectuoso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95, se ben como*

*matiza reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, tal garantía non pode operar co mesmo nivel de intensidade formal que cando se trata de seleccionar a funcionarios de carreira ou empregados laborais fixos ou de plantilla.*

*Por esta razón, o artigo 249.1 da Lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral, o concurso, agás nos casos de urxencia.*

*A lei 56/03 de 16 de decembro, de emprego, configura ós servicios autonómicos de emprego coma un servicio público e gratuito que terá coma funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a traveso dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.*

*A modalidade contractual que se considera oportuno elixir –contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual establececese, como máximo, en seis meses. A xurisprudencia do T.S. (SS. de 5 de xullo de 1994, RJ 6339 e 12 de xullo de 1994, RJ 7156, entre outras) veñen admitindo expresamente a viabilidade desta modalidade contractual para garanti-la debida suplencia de traballadores durante os períodos vacacionais.*

*Entendese, por outra banda, amparada esta contratación ó abeiro do disposto no artigo 20.2 da Lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.*

*Por isto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo para a cubrición temporal de dúas traballadoras de CEDRO durante o seu período vacacional, que garantice a prestación do servicio:...*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 10.06.04, conformado pola interventora xeral.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Solicitar do Instituto Nacional de Emprego (competencias actualmente asumidas polo Servicio Galego de Colocación) oferta xenérica para que sexan remitidos cinco candidatos/as que resposten ás seguintes características: estar en posesión de titulación de FP-1, rama laboratorio e contar con experiencia con drogodependentes, ó obxecto de ser seleccionado un deles en consideración ó curriculum.

2º.- Que por unha Comisión de selección composta polo concelleiro-delegado da área de Benestar Social –que actuará como presidente-, o Director do centro CEDRO, un funcionario municipal designado polo Comité de persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar), e o xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como

secretario-, se propoña un candidato co obxecto de formaliza-la súa contratación, en atención ó seguinte proceso:

- Fase de entrevista : terá por obxecto a comprobación dos méritos e experiencia dos aspirantes a avaliarse ata cinco puntos.
- Fase práctica : consistirá na realización dunha proba práctica , oral ou escrita, sobre o contido das tarefas propias do posto, que se avaliará de cero a dez puntos.

3º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato co candidato/a proposto pola citada Comisión.

**34(793).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 1.06.04 SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTE A MAIO 2004. EXPTE. 15112/220.**

Dáse conta do decreto do 1.06.04, pola que a Excma. Alcaldesa resolve o seguinte:

**D E C R E T O :**

*A instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servicio da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o ano 2003, establece que aboarse con cargo a gratificacións, o persoal do servicio de Extinción de Incendios, como compensación das horas en exceso realizadas durante o ano, e sen prexuízo da parte que se lle incluiu no complemento específico, percibirá as seguintes cantidades mensuais:*

<i>Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....</i>	<i>242.33 €</i>
<i>Cabo.....</i>	<i>256.61 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Turno.....</i>	<i>292.90 €</i>
<i>Sarxento Xefe de Parque.....</i>	<i>316.18 €</i>
<i>Suboficial.....</i>	<i>321.79 €</i>

*As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2003, o incremento 2% do IPC.*

*Con data 1 de xuño de 2004, o Servicio de Extinción de Incendios, remite relacións do persoal do servicio de Extinción Incendios e Salvamento sobre o abono de gratificacións por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de MAIO-2004 por exceso de xornada, que comeza por Abalde Fernández, Carlos e remata por Villaverde Veleiro, José B.*

*Por isto, e no exercicio das competencias delegadas pola Xunta Local de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2004,*

**RESOLVO :**

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de MAIO de 2004 prestados polo persoal do servicio de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don Carlos Abalde Fernández e remata por José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 30.176'98 €, (TRINTA MIL CENTO SETENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS)”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**35(794).- EXECUCIÓN DA SENTENCIA DO TXSG REFERENTE A DÉBEDAS CONTRAÍDAS FRONTE Á TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL EN RELACIÓN CO PERSOAL DA EXTINTA MUNPAL. EXPTE. 15111/220.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe da Unidade de Persoal, do 15.06.04, que di o seguinte:

Con data 15 de xuño de 2004, a asesoría xurídica municipal comunica á unidade de persoal as seguintes sentencias do TSXG:

- Sentencia de 28 de maio de 2004 (Rec. apelación 7412/2001), pola que, desestimando o recurso de apelación promovido polo Concello contra a Sentencia do Xulgado do contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra de 19.01.01, declara a firmeza da devandita resolución xudicial, que desestimaba a súa vez o recurso presentado polo letrado municipal contra resolución de 2.09.99, dictada pola dirección Provincial da Tesourería da S.S.

Consecuentemente, ven a ser igualmente firme a liquidación practicada por dita Tesourería, por importe de 6.034.096 das antigas ptas., por erros de cálculo correspondentes á mensualidade de febreiro de 1999, polo concepto de continxencias profesionais de accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal municipal da extinta MUNPAL.

- Sentencia de 28 de maio de 2004 (Rec. apelación 7778/2001), pola que, desestimando o recurso de apelación promovido polo Concello contra a Sentencia do Xulgado do contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra de 28.03.01, declara a firmeza da devandita resolución xudicial, que desestimaba a saúa vez o recurso presentado polo letrado municipal contra resolución de 19.06.00, dictada pola dirección Provincial da Tesourería da S.S.

Consecuentemente, ven a ser igualmente firme a liquidación practicada por dita Tesourería, por importe de 5.729.108 das antigas ptas., por erros de cálculo correspondentes á mensualidade de novembro de 1999, polo concepto de continxencias profesionais de accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal municipal da extinta MUNPAL.

- Sentencia de 28 de maio de 2004 (Rec. apelación 7925/2001), pola que, desestimando o recurso de apelación promovido polo Concello contra a Sentencia do xulgado do contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra de

26.03.01, declara a firmeza da devandita resolución xudicial, que desestimaba a súa vez o recurso presentado polo letrado municipal contra resolución de 8.06.00, dictada pola dirección Provincial da Tesourería da S.S.

Consecuentemente, ven a ser igualmente firme a liquidación practicada por dita Tesourería, por importe de 6.325.535 das antigas ptas., por erros de cálculo correspondentes á mensualidade de outubro de 1999, polo concepto de continxencias profesionais de accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal municipal da extinta MUNPAL.

- Sentencia de 28 de maio de 2004 (Rec. apelación 7542/2001), pola que, desestimando o recurso de apelación promovido polo Concello contra a Sentencia do Xulgado do contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra de 13.03.01, declara a firmeza da devandita resolución xudicial, que desestimaba a súa vez o recurso presentado polo letrado municipal contra resolución de 14.07.00, dictada pola dirección Provincial da Tesourería da S.S.

Consecuentemente, ven a ser igualmente firme a liquidación practicada por dita Tesourería, por importe de 6.564.450 das antigas ptas., por erros de cálculo correspondentes á mensualidade de xaneiro de 2000, polo concepto de continxencias profesionais de accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal municipal da extinta MUNPAL.

- Sentencia de 28 de maio de 2004 (Rec. apelación 7450/2001), pola que, desestimando o recurso de apelación promovido polo Concello contra a Sentencia do Xulgado do contencioso administrativo nº 3 de Pontevedra de 27.02.01, declara a firmeza da devandita resolución xudicial, que desestimaba a súa vez o recurso presentado polo letrado municipal contra resolución de 29.03.00, dictada pola dirección Provincial da Tesourería da S.S.

Consecuentemente, ven a ser igualmente firme a liquidación practicada por dita Tesourería, por importe de 5.620.877 das antigas ptas., por erros de cálculo correspondentes á mensualidade de setembro de 1999, polo concepto de continxencias profesionais de accidente de traballo e enfermidade profesional do persoal municipal da extinta MUNPAL.

Por todo iso, e ó obxecto de dar debido cumprimento ás referidas Sentencias xudiciais por virtude da que veñen a ser executivas as anteriores cantidades, dáse conta da mesma á Xunta de Goberno local.

O montante global deste custo ascende a 30.274.066 das antigas ptas.

Por todo o exposto, sómétese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

“ Acorda-la execución das Sentencias do TSXG de 28 de maio de 2004, pola que declaran firmes as sentencias do xulgado do contecioso administrativo relacionadas nos antecedentes deste acordo, referentes ás débedas contraídas fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social por impago de cotas de A.T. e E.P. do persoal da extinta MUNPAL.

Dese traslado da referida sentenza á Intervención xeral para proceder á súa execución”.

### Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada e aproba a proposta contida no precedente informe.

**36(795).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE COMERCIO E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE VIGO PARA O PROGRAMA DE APOIO Ó COMERCIO MINORISTA. EXPTE. 1441/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio do 11.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*A Cámara de Comercio, Industria e Navegación está a traballar con diversas entidades e institucións na posta en marcha dun programa de actuacións de apoio ó comercio minorista da cidade.*

*A Concellería de Comercio está a colaborar na elaboración deste programa de actuacións, nunha aposta decidida pola mellora das condicións do comercio minorista da cidade.*

*A Cámara de Comercio propón ó Concello dentro deste programa de actuacións “Vigo Comercial” o establecemento dun Sistema Unificado de Aparcamentos de Cortesía para todos os clientes do comercio minorista da cidade, mediante un acordo con aparcamentos subterráneos da cidade, no que tamén colaborará Caixanova.*

*Con fin de regular as condicións de colaboración do Concello neste proxecto, redactouse o proxecto de convenio que se contén no presente expediente, no que se determinan as condicións nas que participará a Concellería de Comercio na iniciativa.*

*A Concellería de Comercio comprométese a publicitar esta iniciativa en todas as oficinas de información turística abertas con carácter permanente e aquelas que presten os seus servicios durante o período estival, xa que se trata dunha facilidade máis para os turistas e excursionistas que se achegan á cidade, que poderán disfrutar de descontos nos aparcamentos namentras realizan as súas compras.*

*Ademais, o Concello cederá o circuito de MUPIS para a colocación de carteis promocionais da iniciativa, anunciando a posta en marcha do proxecto. Durante todo o ano de vixencia do convenio, a Concellería se compromete a distribuir os trípticos informativos e os mapas explicativos do mesmo.*

*Como contrapartida da colaboración prestada por Turismo de Vigo, a Cámara de Comercio se compromete a incluír o logotipo do Concello de Vigo en todo o material publicitario que se edita para este efecto, así como a participar en todos os actos públicos de comunicación deste proxecto.*

*Por tanto, a colaboración do Concello de Vigo cínquese ó apoio ó proxecto promovido pola Cámara de Comercio, promocionando a iniciativa entre o comercio vigués, a través da Concellería de Comercio, e dando a coñecer esta ventaxa a todos os turistas que se acheguen ás oficinas de información turística.*

*Este convenio de colaboración non comporta compromisos económicos para o Concello, polo que non é preceptivo o informe de fiscalización previo.*



O contido do convenio, de carácter promocional do comercio e do turismo, se axusta ó previsto no art. 88 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no art. 25.2.m. da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e ós municipios galegos no art. 80.2.n, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración que se achega no expediente, entre a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación, para regular as condicións de colaboración de ambas institucións no proxecto “Vigo Comercial”, a través do que se establecerá un Sistema Unificado de Aparcamentos de Cortesía para os clientes do comercio minorista da cidade, que implantará a Cámara de Comercio e que o Concello se compromete a promocionar. O convenio de colaboración non comportará ningún compromiso económico para o Concello.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **37(796).- AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DE TURISMO DE VIGO Ó SALÓN “VIGO NÁUTICA INTERNACIONAL” OS DÍAS DO 24 Ó 27 DE XUÑO DE 2004, NO RECINTO FEIRAL DE COTOGRANDE. EXPTE. 1432/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 8.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º Autoriza-la asistencia da Concellería de Turismo o Salón “VIGO NÁUTICA INTERNACIONAL” de Vigo que terá lugar na cidade do 24 ó 27 de xuño de 2004.

2º Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2004, que se derivan da participación de Vigo no Salón:

o Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2004	13.500 €
o Atencións protocolarias e representativas, con cargo a partida 7510 02260100 do presuposto prorrogado para o ano 2004	3.000 €

3º Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de Dna. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 16.500 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105.

**38(797).- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS E SERVICIOS TURÍSTICOS DURANTE O PERÍODO ESTIVAL DE 2004. EXPTE. 1414/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta da comisión de avaliación de méritos para a concesión de doce bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información e servicios turísticos do 10.05.04, e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 2.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Adxudicar as doce bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información turística municipal, ós/ás aspirantes que foron admitidos/as a esta convocatoria e que acadaron maior puntuación. Por orde de puntuación son:

APELIDOS E NOME	PUNTUACION	DNI
1. Lago Fernández, Eva María	5,15	53.183.688-Y
2. Paz Barros, Lucia	4,30	73.241.168-Z
3. Sacarrera López, Ana	4,10	36.155.159-X
4. Barreiro Costas, Noemí Iria	3,80	36.171.270-K
5. Iglesias Hoyos, Anxela	3,70	76.895.624-T
6. Montenegro Mendía, Moira	2,70	36.173.562-J
7. Areal Montes, Vanesa	2,65	36.158.025-R
8. Martínez Nieves, Isabel	1,65	36.107.552-J
9. Costas Collazo, Patricia	1,00	77.001.770-R
10. González Granja, Cristina	0,45	36.087.432-H
11. Giraldo Martínez, Olimar	0,15	76.728.894-C
12. Alvarez Alvarez, Carmen Susana	0,15	36.166.000-H

2º.- Non se declara lista de suplentes por non haber máis solicitudes admitidas á convocatoria.

3º.- Aprobar o gasto de 27.000€, para facer fronte ós 2.250€ por cada unha das doce bolsas adxudicadas a cada un/unha dos/das aspirantes designados/as como titulares, con cargo á partida 7510 48 10000, “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor.

4º.- Aprobar o gasto de 480€, para facer fronte ós seguros individuais que a Concellería suscribirá para cada unha das becarias, con cargo á partida 7510 2240000, “Primas de Seguros”, do presuposto actualmente en vigor.

**39(798).- PERMUTA DA FINCA SITA NA RÚA REGUEIRO Nº 8 POR PARCELA RESULTANTE DA MUNICIPAL 13.2 U.E I.01 VILLA LAURA. EXPTE. 4417/401.**

Examinadas as actuacións do expediente retírase da orde do día para realizar un mellor estudio.

**40(799).- CESIÓN GRATUÍTA PARA ENSANCHE E MELLORA DA ESTRADA VIGO-VINCICIOS EN MATAMÁ. EXPTE. 41094/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 4.06.04, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

1.- *En data do 27 de abril de 2004, D<sup>a</sup>. María Alonso García presentou, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, escrito no que solicita se lle recoñeza a tódolos efectos urbanísticos a ocupación polo Concello de Vigo, para a construción de beirarrúas na estrada Vigo-Vincios, de dúas porcións de terreo da parcela da súa propiedade, na parroquia de Matamá, colindante coa estrada Vigo-Vincios e dividida por esta en dúas parcelas.*

2.- *A parcela matriz descríbese na relación xurada de bens presentada a efectos da liquidación do imposto da sucesión que constitúe o título da súa adquisición como segue:*

*“RÚSTICA. Terreno a labradío, en el nombramiento de “ALVITA DE ARRIBA” que tiene de superficie doscientos cincuenta metros cuadrados; que limita, al Norte, de Manuel García; Sur, de José Vila, Este, vallado y al Oeste, lo mismo vallado, en dos porciones separados por la Carretera a Vincios.”*

3.- *O técnico adscrito ó departamento municipal de Cartografía, con data do 1 de xuño de 2004, informa que a superficie dos terreos de cesión é de 21,00 m<sup>2</sup>.*

4.- *A parcela da que se segregan os terreos que se ceden forma parte no ámbito do núcleo 10.04 AS CARNEIRAS D, clasificados como Solo Urbano, regulado pola ordenanza 1.3.B de vivenda unifamiliar illada de media densidade.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A este respecto procede informar que as normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral--, recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, está considerarse a efectos de parcela mínima. Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 26,00 m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

II.- Igualmente, e polas mesmas razóns --cesión anticipada e non obrigada de terreos para viais--, procedería recoñecer tales dereitos ó cedente para o caso de que a execución do plan xeral esixese a delimitación dun polígono ou unidade reparcelable.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D<sup>a</sup>. María Alonso García das porcións de parcela de 21,00 m<sup>2</sup> de superficie total, que se identifican no expediente, a segregar da finca da súa propiedade, con destino á construción de beirarrúas na estrada Vigo-Vincios, na parroquia de Matamá.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza de obra nova ou rehabilitación integral, poidan esixirse por esta Administración municipal de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a edificabilidade e densidade correspondente á superficie cedida, así como considerar esta superficie cedida a efectos de parcela mínima, en relación coa mesma parcela matriz.

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **41(800).- CESIÓN GRATUÍTA PARA ENSANCHE E MELLORA DA ESTRADA DE FREIXO. EXPTE. 38612/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 4.06.04, que di o seguinte:

1.- En data do 18 de xuño de 2003, D. Natalio Pérez Costas presentou, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, escrito no que solicita se recoñeza, a tódolos efectos urbanísticos, a ocupación polo Concello de Vigo dunha porción da parcela da súa propiedade colindante coa estrada do Freixo, para a ampliación deste vial.

2.- A parcela matriz descríbese na relación xurada de bens presentada a efectos da liquidación do imposto da sucesión que constitúe o título da súa adquisición como segue:

“Terreno a monte, de terceira clase, al nombramiento de “Avelleira”, de la superficie de tres áreas cincuenta y cuatro centiáreas, al que corresponden los siguientes límites: Norte, de Leandro Costas; Sur, soma de tierra, y Este y Oeste, zanjas. Su valor, dos mil pesetas.”

3.- O técnico adscrito ó departamento municipal de Cartografía, con data do 21 de abril de 2004, informa que a superficie dos terreos de cesión é de 85,00 m<sup>2</sup>.

4.- Os terrenos que se ceden forman parte dunha parcela clasificada como solo non urbanizable especialmente protexido de paisaxe e masas forestais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo, no seu apartado 3.2.2. establecen para os casos de solicitude de licencia de obra nova e rehabilitación integral a obriga de cede-los terreos afectados pola aliñación da vía á que a parcela da fronte, precisando que a efectos da concesión de licencia recoñeceráselle á propietaria a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, así como a superficie cedida a efectos da parcela mínima. Aínda que esta norma resulta de xeral aplicación ós solos urbanos e a parcela de que se trata está clasificada como solo non urbanizable especialmente protexido de paisaxes e masas forestais, como queira que estes solos dispoñen de determinados aproveitamentos urbanísticos (artigos 33 e seguintes da LOUGA e apartado 3.5 das Normas Urbanísticas do PXOU) e o Plan Xeral non limita a norma vista a unha determinada clase de solo, ó tratarse dunha cesión anticipada, non obrigada, procede recoñecer ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, os dereitos urbanísticos que eventualmente lle podan corresponder pola superficie cedida.

II.- Igualmente, e polas mesmas razóns --cesión anticipada e non obrigada de terreos para viais--, procedería, para o caso dunha eventual reclasificación deste solo como urbanizable, recoñecer tales dereitos ó cedente na área de reparto e polígono que se delimite para a execución do Plan Parcial que en tal suposto se poida aprobar para a ordenación do ámbito no que a parcela se atopa.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Natalio Pérez Costas da porción de parcela de 85,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche da estrada do Freixo.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licencia de obra nova ou rehabilitación integral, poidan esixirse por esta Administración municipal de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

*Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a edificabilidade e densidade correspondente á superficie cedida, así como considerar esta superficie cedida a efectos de parcela mínima, en relación coa mesma parcela matriz.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **42(801).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DA ARI DE BOUZAS. EXPTE. 167/431.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 25.05.04, conformado polo Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### *“I. FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1. En data 25.03.2003 declarouse «Área de Rehabilitación Integrada» o casco histórico de Bouzas, tendo, por tanto, a consideración de Área de Rehabilitación de acordo co previsto no artigo 29 do RD.1/2002, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Plan cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, puidéndose en consecuencia financiar as operacións de rehabilitación de edificios e vivendas promovidas nese ámbito así como, se é o caso, as obras de demolición; todo isto ao abeiro do previsto na sección 2ª do capítulo V do citado RD.1/2002 e no D.199/2002, do 6 de xuño, da CA de Galicia.*

*I.2. Unha vez asinado o 26.02.2004 o «Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas. 1ª Fase», a instrumentación do réxime de axudas á rehabilitación alí previsto precisaba da elaboración dunha ordenanza municipal como norma reguladora idónea que disciplinase en detalle o desenvolvemento e execución do convenio, conforme aos principios, hoxe positivizados na L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS), de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*

*I.3. A respecto do seu contido, a Ordenanza establece o réxime xurídico das axudas á rehabilitación no ámbito considerado (ARI do Casco Histórico de Bouzas) regulando:*

- a) Os tipos de actuación e de axudas económicas (que teñen o carácter de subvención a fondo perdido), determinando as prioridades e os criterios de preferencia nas actuacións de rehabilitación.*
- b) Os requisitos para acceder ás axudas, tanto obxectivos (conformidade co planeamento, obrigatoriedade da licenza urbanística, condicións dos inmobles...) como subxectivos (condicións dos posibles beneficiarios).*
- c) Os distintos programas de actuación previstos en execución do Convenio (de conservación, restauración, remodelación, reestructuración...), a contía das axudas aplicables en cada caso e o presuposto protexible.*
- d) A documentación requirida para a solicitude das axudas, os procedementos de concesión das mesmas e de contratación e execución das obras subvencionadas, así como a tipificación das causas determinantes da denegación das axudas solicitadas e da perda e conseguinte devolución das concedidas.*

e) Nas súas disposicións adicionais fíxase o novo módulo unitario de rehabilitación para o ano 2004 e o baremo de puntuacións para os criterios de preferencia. Prevese tamén a posibilidade de levar a cabo actuacións concertadas para a rehabilitación de inmobles destinados a usos de interese público, social e cultural, de promover e desenvolver -tamén mediante convenio- actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en réxime de alugueiro de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento dos mesmos e, finalmente, de estender o réxime de axudas a actuacións orientadas á mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas.

I.4. Na redacción desta Ordenanza tívose en conta o disposto na vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela se concretan os extremos indicados no artigo 17.3. da Lei.

Especial incidencia teñen as determinacións legais relativas aos requisitos para acadar a condición de beneficiario das subvencións e ao procedemento xeral de outorgamento destas, que se realizará en réxime de concorrència competitiva (capítulo 5º), coa intervención dun órgano instructor (Oficina de Rehabilitación), dun órgano colexiado (Comisión municipal de seguimento dos programas de rehabilitación) e do órgano concedente (Consello de Xerencia, por delegación da Xunta de Goberno local).

I.5. O texto da nova Ordenanza foi dictaminado favorablemente na 7ª xuntanza da Comisión municipal de seguimento dos programas de rehabilitación, que tivo lugar o pasado 20.05.2004, e previamente remitido á Delegación provincial do IGVS en Pontevedra para o seu coñecemento, sen que se formulase pola súa parte ningún tipo de obxección.

## II. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

II.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, a promoción e xestión de vivendas (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), a protección do patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA) e da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

II.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

II.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, aos principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

II.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non podendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

II.5. A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a)] e ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademáis, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ao Consello de Xerencia propoñerlle ao Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.

II.6. De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ao seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

II.7. Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a Ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa.

### III. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRADA DE BOUZAS», elaborada pola asesoría xurídica da Xefatura da Xerencia municipal de Urbanismo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL (L.7/85), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no BOP; Ordenanza que entrará en vigor aos quince días da súa publicación completa».

O Consello da Xerencia de Urbanismo en sesión do día 10.06.04, acordou propoñer ó Pleno, que logo da aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, adopte acordo de conformidade coa proposta que se contén no precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta do Consello da Xerencia de Urbanismo, acorda:



Aproba-lo proxecto da Ordenanza municipal reguladora da inspección técnica de edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo, elaborada pola asesoría xurídica da xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo tal e como se transcribe de seguido.

*“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRADA (ARI) DE BOUZAS.*

## *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

### *I*

*En desenvolvemento do convenio interadministrativo de colaboración asinado entre o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS) e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) de Bouzas, regúlanse nesta Ordenanza os criterios e procedementos que seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas incluídos nese ámbito.*

### *II*

*Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen a complementar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións nas fachadas e cubertas das edificacións de interese histórico e arquitectónico de Bouzas, a cargo do Departamento de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.*

### *III*

*Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta Ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmobles que se atopen situados dentro da ARI de Bouzas e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As prioridades para seleccionar as solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de minusvalías e a atención ós supostos de insolvencia económica. En todo caso, para garantir unha xusta distribución dos fondos dispoñibles, as administracións públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.*

### *IV*

*Por outra banda, para garantir, a efectiva revitalización dos usos residenciais na ARI de Bouzas e de contribuir á súa diversificación funcional, a Ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.*

### *V*

*Na redacción desta Ordenanza tívose en conta o disposto na vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela se concretan os extremos indicados no seu artigo 17.3.*

## *CAPITULO 1º*

### *DISPOSICIÓN XERAIS*

Artigo 1.-           Obxecto.

1.1. Esta Ordenanza configúrase como a norma reguladora das bases de concesión das subvencións que se outorguen ó abeiro e en execución do convenio suscrito entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) de Bouzas, dentro do marco establecido polo RD.1/2002, do 11 de xaneiro, sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005 e polo D.199/2002, do 6 de xuño, polo que se estableceron axudas públicas en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2. Así mesmo, esta Ordenanza será de aplicación ó desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscriban entre o IGVS e o Concello de Vigo no marco de futuros plans de vivenda e solo.

#### Artigo 2- Principios xerais.

A xestión das subvencións reguladas nesta Ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

#### Artigo 3- Ámbito territorial.

O ámbito territorial desta Ordenanza é o da ARI de Bouzas de Vigo, declarada polo conselleiro da CPTOPV o 22.04.03 e coincidente coa delimitación do vixente PEPRI Bouzas.

#### Artigo 4.- Tipos de actuación.

As disposicións desta Ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

a) *Rehabilitación de edificios. Actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, remodelación, reestructuración, baleirados e derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten o acaemento estrutural e funcional dos ditos edificios. Dentro deste tipo de actuacións distinguiranse as seguintes:*

1. *Actuacións que supoñen o baleirado interior da edificación.*
2. *Actuacións que non supoñen baleirado interior.*

b) *Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servicios hixiénicos e instalación de cociña ou doutros servicios de carácter xeral.*

c) *Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:*

- *A instalación de ascensores.*

- *As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.*
- *A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.*
- *O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.*

*Artigo 5- Características das axudas económicas.*

*5.1. As axudas económicas abeiradas ós convenios citados no artigo 1 desta Ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 4.*

*5.2.- As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (Oficina de Rehabilitación).*

*5.3.- Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación ou aqueles derrubamentos que supoñan máis do 40% do volume da edificación existente.*

*Artigo 6.- Criterios de selección.*

*6.1. Dentro das actuacións de rehabilitación en edificios, as prioridades xerais serán as seguintes:*

*1º) Actuacións en todo o edificio sen baleirado interior que conserven ou aumenten o número de vivendas existentes orixinariamente e comprometan a implantación de actividades nun ou en varios locais de negocio en planta baixa, das permitidas pola normativa vixente.*

*2º) Actuacións en todo o edificio sen baleirado interior que conserven ou aumenten o número de vivendas existentes orixinariamente sen levar parello o compromiso de implantar actividades de negocio.*

*3º) Actuacións con baleirado interior (se este está permitido pola normativa do PEPRI) que supoñan conservación ou incremento do número de vivendas existentes no edificio orixinariamente e que comprometan a implantación de actividades nun ou en varios locais de negocio en planta baixa.*

*4º) Actuacións con baleirado interior que conserven ou incrementen o número de vivendas existentes orixinariamente, sen levar parello o compromiso de implantar actividades de negocio.*

*5º) Actuacións nunha soa vivenda.*

*6º) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e/ou de mellora dos elementos que demanden os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:*

- *A instalación de ascensores.*
- *As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.*
- *A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.*
- *O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.*

*7º) Actuacións sen baleirado interior que reduzan o número de vivendas existentes orixinariamente e comprometan actividades de negocio en planta baixa, sempre que o número de vivendas resultante non sexa inferior ao 50% das existentes orixinariamente.*

8º) Actuacións en todo o edificio con baleirado interior que reduzan o número de vivendas existentes orixinariamente e comprometan actividades de negocio, sempre que o número de vivendas resultante non sexa inferior ao 50% das existentes orixinariamente.

6.2. A anterior orde de prioridades aplicarase de xeito tal que se poidan realizar actuacións en todos os niveis de prioridade, de existiren e aceptarens as solicitudes correspondentes. Para acadar este obxectivo, establécense as seguintes porcentaxes máximas de actuacións para cada nivel, que poderán ser superadas en caso de non cubrirse as actuacións nos niveis inferiores ou por necesidade de completar a execución das distintas fases dos programas de rehabilitación:

- Un 40% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións en edificios completos que conserven ou aumenten o número de vivendas (prioridades 1ª, 2ª, 3ª e 4ª do apartado a] deste artigo e nesta orde).
- Un 25% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións nunha soa vivenda (prioridade 5ª do apartado a] deste artigo).
- Un 25% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións en elementos comúns (prioridade 6ª do apartado a] deste artigo).
- Un 10% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións en edificios completos que reduzan o número de vivendas (prioridades 7ª e 8ª do apartado a] deste artigo e nesta orde).

6.3. En igualdade de prioridade, serán criterios de preferencia, coa puntuación determinada polo baremo incluído na Disposición adicional segunda desta Ordenanza, os seguintes:

- 1º) Os solicitantes con menor capacidade económica.
- 2º) Serán prioritarias as solicitudes de rehabilitación de vivendas destinadas a uso propio ou alugamento sobre as destinadas a futuro alugamento e á venda.
- 3º) As solicitudes que se correspondan con actuacións que tivesen concedidas subvencións por outros programas de rehabilitación.
- 4º) Aquelas que xunto ó uso residencial en plantas altas leven parella a creación de usos compatibles en planta baixa.
- 5º) Os edificios cunha antigüidade maior de 15 anos.
- 6º) As actuacións que, no momento de realizarse a selección das solicitudes de axuda, teñan a licenza municipal de obras concedida ou en trámite para o seu outorgamento.
- 7º) Os edificios cun maior nivel de protección segundo o catálogo do PEPRI.

## CAPÍTULO 2º FINALIDADE DAS AXUDAS

Artigo 7.- Conformidade co planeamento.

7.1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións do PEPRI ou planeamento especial aplicable en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

7.2. Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais de consolidación en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento. Nestes supostos, reducirase nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a Ordenanza.

Artigo 8.- *Condicións dos inmobles.*

8.1. Os edificios deberán contar como mínimo con 2/3 da súa superficie útil destinada a uso de vivenda, despois de realizadas as actuacións de rehabilitación. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante e a planta baixa das edificacións.

8.2. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e constructiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

8.3. Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ó inmovible por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

Artigo 9.- *Beneficiarios.*

9.1. Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente.

9.2. Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisible, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizasen as obras e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no dito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta, sen que se proceda á liquidación da axuda en tanto non sexan efectivamente ocupadas.

9.3. Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre eles. Será entón de aplicación o disposto sobre a ocupación no apartado 2 deste mesmo artigo, ben se trate de vivendas ben de locais de negocio.

9.4. Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de elementos comúns dos edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

### CAPÍTULO 3º PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

Artigo 10.- *Programas e contía das axudas.*

10.1. Programa de conservación, restauración, remodelación, reestructuración, baleirados e demolicións parciais de edificios residenciais:

a) Axudas económicas para as actuacións sen baleirado interior.

*Establécese unha subvención a fondo perdido do 40% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 10.000 € por vivenda no caso 1º), de 8.666 € no caso 2º) e de 8.000 € no caso 7º); todos eles referidos á clasificación que se contén no artigo 6.1 desta Ordenanza.*

*b) Axudas económicas para as actuacións con baleirado interior.*

*Establécese unha subvención a fondo perdido do 40% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 8.000 € por vivenda no caso 3º), de 6.666 € no caso 4º) e de 5.333 € no caso 8º); todos eles referidos á clasificación que se contén no artigo 6.1 desta Ordenanza.*

*10.2. Programa de actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación de elementos que fosen requiridas polos valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais.*

*As axudas económicas previstas para a rehabilitación fíxanse nunha subvención a fondo perdido do 70% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen. A subvención total non poderá exceder de 6.666 € por vivenda subvencionada.*

*10.3. Programa de actuacións de rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.*

*As axudas económicas previstas para a rehabilitación estableceranse de acordo coa regulación do programa de actuación que corresponda, tanto de edificios coma de vivendas. No caso de que as actuacións afecten a varios programas de actuación poderanse tomar as axudas que supoñan maior contía.*

*10.4. Programa de actuacións de rehabilitación dunha soa vivenda ou obras para acaemento das condicións de habitabilidade:*

*a) Nos casos de rehabilitación completa da vivenda, as axudas económicas previstas establécense nunha subvención a fondo perdido do 50% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 10.000 € por vivenda subvencionada.*

*b) Nos casos de pequenas obras para acaemento das condicións de habitabilidade, as axudas establécense nunha subvención a fondo perdido do 70% do presuposto protexible das obras que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 8.000 € por vivenda subvencionada.*

*Artigo 11.- Programa complementario de actuacións.*

*11.1. Establécese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñibles e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.*

*11.2 Será condición indispensable para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación.*

11.3. As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cociñas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitables ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por minusvalías.

11.4. O presuposto protexible da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

11.5. Beneficiarios: poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

11.6 .Requisitos:

- Xustificante de ingresos de cada unha das persoas que conviven permanentemente na vivenda.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Facenda.
- Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do Concello de Vigo.
- Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

11.7. Contía das axudas:

As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

- a) Establécese unha subvención a fondo perdido do 70% do presuposto protexible das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ó 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e avaliado segundo os criterios anteriormente establecidos.
- b) Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

Artigo 12.- Presuposto protexible.

12.1. Por presuposto protexible entenderase o orzamento xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O dito orzamento será o resultado de adicionar ó presuposto de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

12.2 O presuposto protexible por vivenda non poderá exceder da contía máxima que resulte de aplicar a seguinte fórmula:

$Pmpv = MUR \times Su$ , sendo

$Pmpv$  = Presuposto máximo protexible por vivenda.

$MUR$  = Módulo Unitario de Rehabilitación.

$Su$  = Superficie útil da vivenda.

12.3. Para os casos nos que se rehabiliten elementos comúns, ó anterior  $Pmpv$  engadiráselle o seguinte  $Pmpc$ :

$Pmpc = MUR \times Sc \times C$ , sendo

$Pmpc$  = Presuposto máximo protexible por vivenda que participa nas obras de elementos comúns do edificio.

$MUR$  = Módulo Unitario de Rehabilitación.

$Sc$  = Superficie útil dos elementos comúns do edificio.

*C = Cota porcentual de participación da vivenda nos elementos comúns do edificio.*

#### *CAPÍTULO 4º REQUISITOS XERAIS*

*Artigo 13. Requisitos xerais.*

*13.1. Para os efectos de obter as axudas previstas na Ordenanza será necesario que previamente se xustifique polos interesados que non se atopan incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 13 da L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario público.*

*13.2. Os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas sinaladas con carácter xeral no artigo 14 da LXS. Ademais, deberán cumprir tamén os seguintes requisitos específicos:*

*1º) As obras proxectadas deberán obter a preceptiva licenza municipal de obras e a edificación ou vivenda ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.*

*2º) As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e constructiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.*

*Artigo 14.- Límites xerais das axudas.*

*As axudas económicas previstas nesta Ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicable prevexa e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.*

*Artigo 15.- Compatibilidade das axudas.*

*Para os efectos do disposto nos artigo 17.3.m] e 19.2 e 3 da LXS, estas axudas serán compatibles con calquera outras, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do presuposto protexible.*

#### *CAPÍTULO 5º PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN*

*Artigo 16.- Normas xerais.*

*16.1. O procedemento de concesión das subvencións previstas nesta Ordenanza tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.*

*16.2. A iniciación do procedemento realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da LXS.*

*16.3. A instrucción do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación, adscrita ó organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a*



determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución. Nos expedientes constará o informe do órgano instructor no que se acredite que, á vista da información dispoñible, os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

16.4. A proposta de concesión das subvencións formularase ó órgano concedente (Consello de Xerencia, por delegación da Xunta de Goberno Local) polo órgano colexiado (Comisión municipal de Seguimento dos programas de rehabilitación) a través do órgano instructor (Oficina de Rehabilitación).

16.5. O órgano instructor á vista do expediente tramitado e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ós interesados na forma que se estableza na convocatoria, debéndose conceder un prazo de 10 días para a presentación de alegacións, a non ser que se poida prescindir do trámite de audiencia por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados.

16.6. Unha vez efectivamente executadas as obras obxecto de subvención e acreditado pola Oficina de Rehabilitación este extremo e o cumprimento das condicións establecidas, formularase proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos.

16.7. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se notificase a resolución da concesión.

16.8. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento de forma motivada. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será o establecido na LXS ou o superior que, se é o caso, se estableza por lei ou norma comunitaria.

16.9. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

16.10. A resolución do procedemento notificarase ós interesados nos termos previstos na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

16.11. Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito presupostario ó que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Ademais de publicarse un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicarse tamén o lugar onde se atope exposto o seu contido íntegro.

Se o importe da subvención fose inferior a 3.000 €, poderase substituír a publicación no Boletín pola inserción de anuncio nos taboleiros oficiais de edictos do Concello e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Artigo 17- Normas particulares.

17.1. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación previstos nesta Ordenanza presentaranse en instancia normalizada no Rexistro xeral do Concello ou da Xerencia Municipal de Urbanismo ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 L.30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

17.2. Poderanse presentar durante os prazos indicados ó efecto na convocatoria e, en todo caso, durante a vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Vigo e o IGVS, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

17.3. O petionario deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ó inicio das obras subvencionables. Ademais, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas.

De seren obras menores, antes da realización da visita deberá presentarse un presuposto provisional das obras que se desexan acometer. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar ó petionario sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmovible.

17.4. Xunto coa solicitude oficial das axudas presentarase toda a documentación necesaria establecida no artigo 18 desta Ordenanza e a demáis que, se é o caso, se estableza na convocatoria.

17.5. Os petionarios poderán solicitar a asistencia técnica ou encargar pola súa conta este servizo. As solicitudes de asistencia técnica que se acepten pola Oficina de Rehabilitación serán só para os casos de obras menores.

17.6. En atención á complexidade da obra e á economía de prazos administrativos poderanse redactar en fase básica os documentos técnicos necesarios para a obtención de licenza; o resto da documentación técnica de execución elaborárase con posterioridade.

**Artigo 18.-** Solicitude oficial de axuda e documentación.

Realizada a visita de inspección e elaborada a documentación técnica precisa para a obtención de licenza, as solicitudes de axudas económicas presentarase en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

- Documentación relativa ó/a solicitante:

- a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do seu representante.
- b) Acreditación de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- c) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do/a secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ó seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.
- d) A demáis documentación que lle sexa esixible ó beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil e sectorial aplicable e co disposto na LXS.

- Documentación acreditativa da titularidade do inmovible:

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.

b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario ou polo inquilino, deberá achegarse, ademáis do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario e o inquilino no que se faga constar a descrición das obras e a autorización do propietario para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixible e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demáis condicións pactadas.

- Documentación relativa ó destino da vivenda:

a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

c) Nos supostos nos que se comprometa o establecemento de locais de negocio ós que se fai referencia no artigo 6.1 (apdos. 1º, 3º, 7º e 8º) desta Ordenanza, deberá achegarse un compromiso expreso da persoa que o vai poñer en marcha.

- Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar:

Será obrigada esta documentación nas axudas ás que se fai mención no artigo 11 da Ordenanza e constará da documentación alí referenciada. Será potestativa no resto das solicitudes ás que se fai mención na Ordenanza, ós únicos efectos de que se valore como un dos criterios de preferencia establecidos no artigo 6.3.1º).

- Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 14.1.d] da LXS.

Artigo 19.- Aprobación provisional das axudas.

19.1. Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, o órgano instructor, previo informe do órgano Colexiado, proporá ó órgano concedente (Consello de Xerencia) a aprobación provisional das axudas, que terá a consideración de acto de trámite necesario para a súa obtención.

19.2. No caso de que as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos da Oficina de Rehabilitación, estivesen rematadas no momento de elevar o expediente ó órgano competente para a súa aprobación, acordarase conxuntamente a aprobación provisional e definitiva das axudas.

19.3. Unha vez recibida a comunicación da aprobación provisional, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio, o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación.

Artigo 20.- Solicitude de licenza urbanística.

Os interesados deberán achegar a solicitude de licenza urbanística nun prazo non superior a un mes desde que lles sexa notificado o acordo de concesión provisional da subvención. Se transcorrido o dito prazo non se achega a solicitude de licenza ou ben non se atendesen diligentemente os requirimentos municipais para subsanar ou

*completar a documentación necesaria para a obtención da licenza, quedará sen efecto a axuda provisionalmente concedida e arquivarase o expediente, previo trámite de audiencia ó interesado.*

*Artigo 21.- Contratación das obras.*

*21.1. Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.*

*21.2. Non obstante, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas, seleccionándose de acordo con criterios de eficiencia e economía aquela que resulte economicamente máis vantaxosa. Noutro caso, xustificarse expresamente a escolla en memoria elaborada para o efecto.*

*21.3. Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o presuposto de execución definitivo, asinado por ambas partes.*

*Artigo 22.- Inicio das obras.*

*22.1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da concesión da licenza urbanística. Poderase alongar ese prazo ata seis meses máis se existe causa xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente previo trámite de audiencia ó interesado.*

*22.2. O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do presuposto de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.*

*Artigo 23. Execución das obras.*

*23.1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión provisional das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder a súa duración do tempo prescrito para o prazo orixinal.*

*23.2. A interrupción das obras por un prazo superior ós tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas provisionalmente concedidas.*

*23.3. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión provisional das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar abeiradas pola correspondente licenza urbanística.*

*23.4. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.*

*Artigo 24.- Remate das obras.*

*24.1. Finalizadas as obras e entregada a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas e demais xustificantes de gasto, os servicios técnicos da Oficina de Rehabilitación redactarán o correspondente informe,*

*acompañado de fotos finais, no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións. Tamén conterá unha referencia expresa á correspondencia entre as facturas presentadas e o presuposto aceptado.*

*24.2. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.*

*Artigo 25.- Aprobación definitiva das axudas.*

*A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación provisional, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ó órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.*

*Artigo 26.- Pagamento das axudas.*

*26.1. As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que o IGVS emita o documento de cualificación definitiva.*

*26.2 En todo caso, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa deudor por resolución de procedencia de reintegro.*

*Artigo 27.- Comprobación de subvencións.*

*O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.*

*Artigo 28.- Causas de denegación e perda das axudas.*

*28.1. As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:*

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta Ordenanza, relativas ós solicitantes ou ós inmobles para rehabilitar.*
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin abeiradas por licenza urbanística.*
- c) A grave incorrección técnico-constructiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.*
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovble.*
- e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.*
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación provisional ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.*
- g) O impedimento ou a obstaculización do acceso ás obras ós técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.*

*28.2. De apreciarse a existencia dalgún incumprimento non esencial dalgunha das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, pero que poida ter incidencia na contía concreta da subvención outorgada, procederá, se é o caso, o reintegro parcial da mesma, tendo en conta para o seu cálculo criterios de proporcionalidade e*

valorando, entre outras circunstancias, a actuación conxunta do beneficiario tendente á satisfacción dos seus compromisos e a posibilidade de acadar, malia o incumprimento, o logro efectivo da finalidade perseguida coa subvención.

Artigo 29.- *Modificación da resolución de concesión.*

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en especial, os criterios de preferencia obxecto de valoración, cando teña incidencia na subvención outorgada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 30.- *Reintegro das subvencións.*

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos correspondentes xuros de mora cando concorra algunha causa de reintegro das previstas no artigo 37 da LXS ou cando a subvención deba ser cancelada conforme ó disposto especificamente nesta Ordenanza.

Artigo 31.- *Devolución de subvencións por infracción urbanística.*

A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impoñer.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- *Módulo Unitario de Rehabilitación (MUR).*

1.- O Módulo Unitario de Rehabilitación (MUR) para o ano 2004 fíxase en 396 € por metro cadrado útil para obras maiores e 186 € por metro cadrado útil para obras menores.

2. En anos sucesivos poderase revisar este MUR, segundo o que acorde en tal sentido a Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- *Baremo.*

Establécese o seguinte baremo de puntuacións para os criterios de preferencia enunciados no artigo 6.3:

1.- *Capacidade económica:*

$X \leq 1 \text{ SMIp} = 8 \text{ puntos}$

$1 \text{ SMIp} < X \leq 1,5 \text{ SMIp} = 7 \text{ puntos}$

$1,5 \text{ SMIp} < X \leq 2 \text{ SMIp} = 6 \text{ puntos}$

$2 \text{ SMIp} < X \leq 2,5 \text{ SMIp} = 5 \text{ puntos}$

$2,5 \text{ SMIp} < X \leq 3,5 \text{ SMIp} = 2 \text{ puntos}$

$3,5 \text{ SMIp} < X \leq 4,5 \text{ SMIp} = 1 \text{ punto}$

$4,5 \text{ SMIp} < X = 0 \text{ puntos}$

Onde,

*X = Base imponible da declaración do IRPF do último ano de todos os membros da unidade familiar de convivencia que a presentasen ou, en caso de non ter obriga de presentala, declaración xurada dos rendementos anuais percibidos;*

*SMIp = Salario Mínimo Interprofesional vixente, ponderado polo número de membros da unidade familiar de convivencia, segundo os coeficientes correctores establecidos polo Decreto da Xunta de Galicia de desenvolvemento do Plan de Vivenda.*

2.- *Uso e posesión da vivenda:*

*Uso propio = 3 puntos Alugamento futuro = 1 punto  
Alugamento actual = 2 puntos Venda = 0 puntos*

3.- *Subvencións recibidas por outros programas de rehabilitación distintos do complementario de inmobles en conxuntos históricos e das reguladas por esta Ordenanza:*

*Si = 1 punto Non = 0 puntos*

*En caso de ter recibido axuda de rehabilitación con cargo ós convenios entre o Concello e o IGVS para Áreas de Rehabilitación ou pola convocatoria xeral do IGVS de axudas para a rehabilitación, para o mesmo tipo de actuación solicitada, adxudicaránselle 3 puntos negativos.*

4.- *Creación de usos compatibles en planta baixa:*

*Si = 2 puntos Non = 0 puntos*

5.- *Antigüidade da edificación (A):*

*A ≤ 15 anos = 0 puntos  
15 < A ≤ 50 anos = 1 punto  
50 < A ≤ 100 anos = 2 puntos  
100 < A = 3 puntos*

6. *Licenza:*

*Outorgada = 5 puntos  
En trámite = 2 puntos  
En trámite de solicitude previa = 0,5 puntos  
Sen iniciar trámites = 0 puntos*

7.- *Nivel de protección:*

*Nivel I (Protección integral) = 3 puntos  
Nivel II (Protección estrutural) = 2 puntos  
Nivel III (Protección ambiental) = 1 punto*

*Este baremo poderá modificarse por acordo da Comisión de Seguimento.*

*TERCEIRA.- Outros convenios.*

*Mediante convocatorias específicas, poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmobles destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.*

*CUARTA.- Promocións tuteladas.*

*1.- O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ó aloxamento en alugueiro de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.*

*2.- Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o presuposto total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o alugueiro das súas partes.*

*3.- A dispoñibilidade e selección dos inmobles serán establecidas mediante convocatoria pública, ó igual que a oferta de alugueiro das vivendas ou locais.*

*QUINTA.- Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas.*

*Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas en Bouzas.*

*SEXTA. Comisión de Seguimento.*

*A Comisión de Seguimento dos programas de rehabilitación, inicialmente constituída para a xestión das axudas na ARI do Casco Vello de Vigo, actuará tamén como órgano colexiado ós efectos desta Ordenanza e supervisará a tramitación dos expedientes de axudas e a documentación técnica requirida.*

*Estará integrada, cando menos, polo alcalde-presidente da Xerencia municipal de Urbanismo, os concelleiros delegados con responsabilidades en materia de urbanismo e patrimonio histórico, o xerente de urbanismo, o secretario da Xerencia, un representante da Intervención de Fondos, o director e técnicos da Oficina de Rehabilitación e os técnicos municipais con competencias sobre os ámbitos da cidade con planeamento especial de protección. Tamén poderán participar na mesma aqueles outros técnicos ou persoeiros que sexan convidados por razón da súa competencia técnica ou profesional.*

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

*Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”*



**43(802).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTE G.	S/FAV.
ALONSO CACHEIRO MARIA PILAR	200400022520	54,40	54,40		
“	200400022540	504,60	504,60		
“	200400022525	113,89	87,09	26,80	
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	200400025340	150,00	150,00		
“	200400025341	4.600,00	4.286,92	313,18	
FERNANDEZ GALLEGO CONSUELO	200400025457	450,00	450,00		
“	200400025462	139,50	139,50		
GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON	200400025712	257,43	257,43		
GONZALEZ CARRASCO TERESA	200400022703	85,95	73,58	12,37	
“	200400022701	54,40	54,40		
“	200400022572	562,60	562,60		
GONZALEZ SOENGAS ARANZAZU	200400024586	65,70	65,70		
“	200400024585	450,00	450,00		
LOBATO ANTON PALOMA	200400026511	36,66	36,66		
“	200400026510	93,08	80,58	12,50	
LOPEZ MOURE JESUS	200400021445	23.000,00	23.000,00		
LOPEZ PIÑEIRO MARIA PILAR	200400027737	1.800,00	1.799,14	0,86	
RIESGO BOLUDA JOSE	200400026139	52,29	52,29		
“	200400026123	354,12	329,32	24,80	
ROCHA PARAMES CESAREO	200400020845	300,00	353,59		53,59
RODRIGUEZ CADARSO DE LA PEÑA L.	200400014907	278,79	268,49	10,30	
“	200400014914	630,00	630,00		
“	200400014902	227,78	109,98	117,80	
SANLUIS COSTAS AVELINO	200400006897	2.500,00	1.281,46	1.218,54	
“	200400006901	4.000,00	3.732,48	267,52	
“	200400015392	9.217,48	9.136,48	81,52	
“	200400026348	660,00	660,00		
TOTAL			48.606,69		

**44(803).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A COLECTIVOS XUVENÍS DO MUNICIPIO DE VIGO PARA O ANO 2004. EXPTE. 1061/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.05.04 e de acordo coa proposta da xefa do Servicio de Xuventude, conformada pola concelleira delegada de Xuventude e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-las bases de convocatoria de subvencións destinadas a colectivos xuvenís do municipio de Vigo para o ano 2004, que de seguido se transcriben, para o cal existe consignación presupostaria por importe de 6.010,12 € con cargo á partida 4520.489.00.00.

*PROGRAMA: SUBVENCIONES PARA ASOCIACIONES XUVENÍS*  
*BASES DA CONVOCATORIA DURANTE O ANO 2004*

*As presentes bases establécense en función da normativa sobre as subvencións concedidas polo Concello de Vigo (acordos plenarios do 30 de novembro de 1988 e do 31 de marzo de 1989) edacordo co previsto na Base 38 Execución do Orzamento e o Regulamento de Subvencións en todo o previsto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, co obxecto de subvencionar programas de actividades ou publicacións de asociacións xuvenís, entidades xuvenís e seccións xuvenís doutras asociacións e entidades, que se realicen con carácter público durante o ano 2004.*

*Artigo 1. Lexislación aplicable.*

*A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria é a seguinte: lexislación básica do estado, con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.*

*Artigo 2. Natureza e contía das axudas.*

*2.1. A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrencia competitiva entre as entidades xuvenís sen fin de lucro que reunan os requisitos establecidos nesta Bases, co obxecto de fomentar as actividades xuvenís. Sendo a súa finalidade o promocionar a organización os programas de actividades ou publicacións das asociacións xuvenís durante o ano 2004.*

*2.2 A contía da subvención se determinará pola Xunta de Goberno Local consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases, tralos informes correspondentes.*

*2.3 A entidade xuvenil solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a organización da actividade subvencionable que teña solicitado.*

*2.4 A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa organización da actividade para o que se solicita a subvención.*

*Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.*

*3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria asociacións xuvenís, entidades xuvenís e seccións xuvenís doutras asociacións e entidades que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria, e que desenvolvan a actividade ou evento a subvencionar na cidade de Vigo. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.*

*3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:*

*1.- As actividades propias dos clubs deportivos.*

- 2.- As actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- 3.- As edicións de periódicos, revistas, folletos e carteis de signo exclusivamente propagandístico para a asociación solicitante.
- 4.- As actividades propias de entidades de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- 5.- As actividades que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros sectores do Concello.
- 6.- As actividades que procuren algún tipo de lucro para os seus promotores.
- 7.- Os gastos xerais das entidades relativos á xestión, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamentos, mantemento e aluguer do local social.
- 8.- As actividades que supoñan unha discriminación por razóns de raza, sexo, lingua ou relixión.
- 10.- As entidades con ánimo de lucro.
- 11.- As administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou presupostariamente.
- 12.- As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.

#### Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

Os órganos municipais de goberno establecen as cuantías anuais para adicar ás subvencións con cargo ás partidas de xuventude. A contía establecida para o exercicio 2004 ascende a 6.010,12 €. As subvencións concedidas non excederán, en ningún caso, o 50% do custo total da actividade para a que se solicita a subvención.

#### Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1 Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios de solicitude e a documentación requirida nestas Bases. Os cuestionarios de solicitude, os impresos de solicitude e demais documentación se atopan a disposición dos interesados nas Casa da Xuventude na rúa López Mora 31.

5.2. A instancia de solicitude estará dirixida á Ilma. Sra. Alcaldesa. A formula o representante legal da entidade peticionaria e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.3. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- 1) Solicitude de subvención dirixida á Ilma. Sra. Alcaldesa, segundo modelo adxunto.
- 2) Ficha de datos asociativos.
- 3) Proxecto-programa de actividades con orzamento detalado de ingresos e gastos.
- 4) Memoria das actividades realizadas no ano anterior.
- 5) Fotocopia do CIF da asociación.
- 6) Fotocopia do NIF do solicitante.
- 7) Certificación bancaria do número de conta.
- 8) Certificado de non ter débedas coa Seguridade Social e Axencia Tributaria.
- 9) Certificado de non ter débedas coa administración municipal.

#### Artigo 6. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte á publicación destas Bases na prensa local e no Taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e ata 20 días hábiles dende o día seguinte da súa publicación na prensa local.

#### Artigo 7. Subsanción da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.

#### Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

- 8.1 A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, realizaranse mediante un proceso interno de avaliación que levará a cabo o persoal da Casa da Xuventude.
- 8.2 O Servizo de Xuventude valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a baremar corresponderán á actividade ou evento para o que se solicita subvención.
- 8.3 O Servizo de Xuventude elevará a proposta de resolución a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

#### Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

- 9.1 A aceptación por parte dos adxudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro.
- 9.2 O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.
- 9.3 Os beneficiarios das subvencións obríganse a:
  - a) Cumprir todas as normas establecidas nas Bases da convocatoria
  - b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
  - c) Deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo e da Concellería de Xuventude en tódalas actividades e comunicacións que promovan.
  - d) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
  - e) En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar ó “Concello de Vigo” e á “Concellería de Xuventude” como entidade financiadora.
- 9.4 Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións. Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.

#### Artigo 10. Xustificación das axudas

10.1 A resolución da Xunta de Goberno Local seralles notificada ós interesados. Para tramita-lo pago do importe da subvención concedida, terán que chegar, a seguinte documentación:

Xustificantes (facturas orixinais que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente) dos gastos relacionados coa solicitude da subvención concedida. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas polo art. 3 do RD 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computara o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos ocasionados pola organización da actividade ou evento.

A memoria da actividade realizada e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

10.2 Ningunha entidade xuvenil adxudicataria das subvencións, poderá percibila, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto presentarán certificado no que conste estes extremos.

10.3 No caso de non presenta-la documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.

10.4 A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 30 de novembro de 2004. En caso contrario perderase o dereito a percibi-la axuda.

10.5 A solicitude de pagamento das subvencións concedidas deberá terse presentado no Rexistro Xeral do Concello con data límite 10 de decembro.

Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

Segundo o Texto Refundido da LGP, e demais normativa local en materia de facendas locais, procederá ó reintegro das contías percibidas e a esixencia do interese de demora dende o momento do pago das subvencións, nos seguintes casos:

1. Incumprimento da obriga da xustificación
2. Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas, unha vez acreditados pola administración municipal tales extremos.
3. Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida
4. Incumprimento das condicións impostas as entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da subvención.
5. Realización por parte do beneficiario dunha actividade ou prestación dun servizo, cun custo inferior á subvención recibida, proveña desta administración ou de distinta ou ente público ou privado, estatal ou internacional.
6. Sen prexuízo do previsto no presente artigo, a falsedade ou calquera outra conducta punitiva porase en coñecemento da xurisdicción penal por parte do Concello de Vigo.

Artigo 12. Baremo e criterios de avaliación.

Para a concesión de subvención analizaranse os proxectos de programas de actividades ou publicacións en base ós seguintes criterios e puntuaranse ata un máximo de 5 puntos cada un deles:

1. A preferencia das asociacións de ámbito local sobre outros calquera.
2. O ámbito de aplicación do programa que deberá estar destinado exclusivamente a xoves vigueses.
3. As actividades terán carácter público, polo que non poderán estar destinadas ós/ás asociados/as dos/as promotores/as en exclusiva.
4. A duración e garantía de continuidade do programa.
5. Os resultados obtidos polos/as solicitantes en anteriores subvencións outorgadas polo Concello de Vigo.

Artigo 13.- Obrigas dos solicitantes

Os/as solicitantes de subvención quedan obrigados a:

1. Cumprir tódalas estipulacións establecidas nestas bases e na normativa sobre subvencións.
2. Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

3. *Solicita-los permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
4. *Admítila presenza de persoal de avaliación autorizado pola Concellería de Xuventude.*
5. *En toda a publicidade que se elabore, indícase en lugar destacado, a participación da Casa da Xuventude do Concello de Vigo, e entregárase un número de exemplares determinado previamente.*
6. *A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.*
7. *Devolver o importe da subvención cando:*
  - a. *gasto non chegue a producirse por calquera imprevisto ou se comprobe a modificación dos fins en razón dos cales se concedeu a subvención.*
  - b. *gasto non se teña xustificado no prazo estipulado.*
8. *A suma da totalidade dos ingresos por calquera concepto (subvencións, cotas, donativas...) supere o importe total do gasto efectuado.*

#### Artigo 14.- Outros requisitos

*Para os/as solicitantes de subvencións para publicacións, deberán cumprir, ademais dos anteriores, os seguintes requisitos:*

- a) *As publicacións subvencionadas non poderán ter carácter de boletín interno da asociación.*
- b) *Presentar un proxecto editorial que incluíra os datos dos/as responsables da redacción-edición, o detalle das seccións, o número de páxinas, as características do formato, as cores do papel e tintas de impresión, a tirada, o sistema de distribución e o plan de financiación.*
- c) *As publicacións subvencionadas disporán de depósito legal, e os/as editores/as, presentarán á Concellería de Xuventude as probas de imprenta para a conformidade.*
- d) *A Concellería de Xuventude, reservárase a contratación de cada publicación para a inclusión de textos ou ilustracións que considere oportuno.*
- e) *A Concellería de Xuventude poderá adquirir un número de exemplares determinado previamente.*

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **45(804).- CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO DA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DE PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004 DE VIGO. EXPTE. 1054/335/04.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistas as bases técnicas para a contratación da produción integral dos espectáculos e actividades do Programa das “Festas do Cristo da Victoria 2004”, redactadas polo técnico responsable do Servizo de Festas, do 16.06.04, e conformadas polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural; visto o prego de cláusulas administrativas redactado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, de 17.06.04, e conformadas polo xefe de Réxime Interior, o informe xurídico de Secretaría Xeral, do 18.06.04, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, do 17.06.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e Festas e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto máximo de 210.000 euros para a contratación da prestación dos servizos da produción integral dos espectáculos e actividades do programa das festas do Cristo da Victoria 2004 e que se imputarán á partida 451.2.226.08.05

2º.- Aproba-las bases técnicas e o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado dos servizos de produción integral dos espectáculos e actividades do programa das festas do cristo da Victoria 2004.

3º.- Solicitar ofertas alomenos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**46(805).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EMPRESA MARINA DE EXPOSICIONES S.L. PARA O PATROCINIO DO SALÓN “VIGO NÁUTICA INTERNACIONAL” QUE TERÁ LUGAR DO 24 Ó 27 DE XUÑO DE 2004. EXPTE. 1430/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do técnico de Admón. Xeral do 9.06.04, a dilcencia da coordinadora de Turismo e Comercio do 15.06.04 e de acordo co informe-proposta da devandita coordinadora, de 4.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e desenvolvemento local, Turismo e Comercio, e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-lo texto do proxecto convenio de colaboración que se transcribe, en virtude do que Turismo de Vigo satisfará a cantidade de 5.000€ (IVE incluído), en concepto de colaboración na organización do salón “VIGO NAUTICA INTERNACIONAL”, que se celebrará na nosa cidade do 24 ó 27 de xuño de 2004.

A devandita cantidade librarase a favor de MARINA DE EXPOSICIONES, SL., entidade organizadora deste evento, con CIF: 36928638, con cargo á partida 7510 4700201, do orzamento da Concellería de Turismo e Comercio actualmente en vigor, previa acreditación do cumprimento do obxecto do contrato.

## REUNIDOS

*Dunha parte, LUCIA MOLARES PÉREZ, Concelleira de Turismo e Comercio, facultada por Decreto de delegación de competencias da Alcaldía-Presidencia de data 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004.*

*Doutra, D. ESTANISLAO DURAN TRONCOSO, en calidade de administrador da empresa MARINA DE EXPOSICIONES, SL., con CIF: B-36928638, tal e como se acredita en escritura pública de constitución da devandita entidade.*

## MANIFESTAN

*Que do 24 ó 27 de xuño de 2004 terá lugar na nosa cidade, no Instituto Feiral, o salón “VIGO NAUTICA INTERNACIONAL”, que terá carácter profesional e público, e que aglutinará ás principais empresas vencelladas ó mundo da náutica, así como importantes institucionais, clubs deportivos e clubs náuticos, tanto nacionais como internacionais.*

*Que Vigo é unha cidade marítima por excelencia, punto de encontro para a práctica de actividades náuticas e deportivas, e tendo en conta que o turismo náutico terá un enorme desenvolvemento nos vindeiros anos no ámbito do Arco Atlántico, e dado que a cidade será punto de saída o ano 2005 da VOLVO OCEAN RACE, Turismo de Vigo entende de gran importancia a participación no salón e a colaboración coa organización do evento, para que acade o máximo nivel de calidade*

*Precisamente, co gallo da próxima celebración da VOLVO OCEAN RACE na cidade, Turismo de Vigo quere converter a Vigo no epicentro da náutica e das actividades vencelladas ó mar. Estase a traballar na actualidade nun extenso programa de actividades náuticas que comezarán xa este ano coa colaboración do Concello de Vigo no salón “VIGO NAUTICA INTERNACIONAL” e continuará ó longo de todo o ano 2004 co fin de incentivar a participación dos vigueses nesta aposta polo turismo náutico.*

*A Concellería de Turismo considera que a feira “VIGO NAUTICA INTERNACIONAL” ven a cubrir unha importante demanda no sector, convertíndose nun referente do turismo náutico no noroeste peninsular.*

*O contido do presente convenio é de promoción da cidade e ten o seu fundamento no art. 6 da Lei 30/1992, de 21 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Trátase dun convenio de colaboración para o exercicio de actividades complementarias das actividades de promoción turística da cidade, dos previstos no artigo 3.1 c) do Real Decreto 2/2000.*

*Ademais, está contemplado no marco das facultades que o artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, lle confire ós municipios para o desenvolvemento de actividades de promoción do turismo.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes establecen o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes cláusulas:*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establece-la colaboración de Turismo de Vigo e a sociedade Marina de Exposiciones, SL., na potenciación turística da cidade durante a celebración da FERIA NAUTICA INTERNACIONAL DE VIGO”, que se celebrará no Instituto Feiral do 24 ó 27 de xuño do presente ano.*



SEGUNDA.- A Concellería de Turismo, ó abeiro do seu Plan de Marketing para o ano 2004, ten como un dos seus principios obxectivos a potenciación do turismo náutico, co obxecto de promocionar a cidade no contexto da próxima celebración da VOLVO OCEAN RACE e, por esta razón, colaborará coa organización do I Salón “VIGO NÁUTICA INTERNACIONAL”, do seguinte xeito:

1. Unha aportación económica de 5.000€ (IVE incluído).
2. Aportación de material turístico, con información sobre a cidade para tódolos asistentes.
3. Montaxe dun stand promocional de 40 m2, que se instalará no marco do Salón.
4. Recepción oficial de benvinda a tódolos expositores.

TERCEIRA: A Concellería de Turismo, ó abeiro do artigo 25.2. m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, comprométese a aporta-la cantidade de 5.000€ (IVE incluído), con cargo á partida 7510 4700201, do orzamento actualmente en vigor, mediante pago único, unha vez celebrada a Feira e realizadas as actividades de promoción turística da cidade a plena satisfacción dos servizos da Concellería de Turismo e Comercio.

Esta cantidade será aboada nunha única vez, mediante a presentación de facturas orixinais por este importe, unha vez finalizado o evento e cando se teña cumprido o obxecto do convenio.

As facturas acreditativas dos gastos serán orixinais e non se admitirán facturas compulsadas ou duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas no artigo 3 do RD 2402/1985, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas, que incumbe a empresarios e profesionais.

CUARTA: A organización do evento comprométese, pola súa banda, á inclusión do logotipo e imaxe de marca da concellería en todo o material promocional que se edite co gallo da celebración do Salón.

QUINTA: O Concello e a citada empresa non asumen ningún outro compromiso máis que os recollidos no presente convenio.

SEXTA.- A concellería de Turismo e Comercio queda facultada para solucionar-las posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio.

As partes asinan o presente convenio en sinal de conformidade, e por duplicado, no día da data

Polo Concello,

Pola empresa,

Lucía Molarez Pérez  
Concelleira de Promoción Económica  
E Desenvolvemento Local  
Turismo e Comercio

Estanislao Durán Troncoso  
Administrador.

**47(806).- FOGUEIRAS DE SAN XOAN NAS PRAIAS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 21.06.04, que di o seguinte:

*“A día 21 de xuño hai unicamente dúas fogueiras solicitadas en praias; unha na praia do Bao ao lado do palco e outra en Alcabre.*

*As devanditas fogueiras solicítanse fóra do areal, polo tanto sería conveniente ante novas solicitudes, autorizalas pero buscando unha alternativa fóra do areal, evitando así danos na area coa conseguinte perda da mesma.”*

Acordo

A Xunta de Goberno acorda prestarlle a súa conformidade e só autorizar as fogueiras nas praias fóra do areal.

**48(807).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez